REVISTA DE CIENCIA E TECNOLOXÍA DE GALICIA

Código Cero

www.codigocero.com

Nº94|Ano 2011

Cidade da cultura de Galicia

Complexo dixital

▶ **PATRIMONIOGALEGO.NET**
Fronte común a prol do noso

▶ **ENCONTRO B-WEB Á VISTA**
A Coruña, máis rede social ca nunca

▶ **OBXECTIVO: A PARTICIPACIÓN**
A CRTVG estrea web

▶ **OS TREBELLOS QUE MANDAN ESTE VERÁN**
... escolmamos os gadgets máis destacados do mes

TURISMO A DISTANCIA: Xanela virtual aos nosos mosteiros

Ineo

Asociación Multisectorial de Novas Tecnoloxías da Información e a Comunicación

www.ineo.org

Edificio de Oficinas da Zona Franca de Vigo.
Área Portuaria de Bouzas s/n, VIGO

Equipo

DIRECTOR_
Xosé Mª Fernández Pazos_director@codigocero.com
SUBDIRECTORES_
Carlos Ballesteros_subdirector@codigocero.com_
Marcus Fernández_webmaster@codigocero.com
REDACTOR XEFE_
Fernando Sarasqueta_redaccion@codigocero.com
FOTOGRAFÍA_
Adolfo Enríquez Calo • Joferpa
REDACCIÓN_
Manolo Gago (Opinión)
Raquel Noya (Reportaxes)
Moncho Paz (Opinión)
Modesto Pena (Redes)
Sevi Martínez (Xogos)
Diego Rosales (Linux)
SUPERVISIÓN_LINGÜÍSTICA_
María Xesús Vázquez
DESEÑO_GRÁFICO_e_maquetación_
Grupo Código Cero Comunicación
Raquel Noya _ publicidade@codigocero.com
Óscar Louzán_publicidade@codigocero.com
IMPRIME_
Tórculo Artes Gráficas, S.A.
Tel.: 902 905 024 - torculo@torculo.com
EDITA_
Grupo Código Cero Comunicación S.L.
Conxo de Arriba nº 49, 1º C
15706 Santiago de Compostela
Tel.-fax: 981 530 268
http://www.codigocero.com
redaccion@codigocero.com
Número 94
Publicación periódica. Prezo 2€
Depósito Legal: C-2301/01
I.S.S.N. (Edición impresa): 1579-7546
I.S.S.N. (Edición dixital): 1579-7554

O Grupo Código Cero S. L. reserva para si mesmo tódolos dereitos como autor colectivo desta publicación ao abeiro dos artigos 8 e 32.1 da Lei de Propiedade Intelectual. Quedan expresamente prohibidas a reprodución, distribución e máis a comunicación pública da totalidade ou parte dos contidos desta publicación con fins comerciais, en calquera soporte ou por calquera medio técnico sen autorización da editorial.

Neste número...

Aínda temos en mente o número anterior de Código Cero, onde conmemoramos unha das coincidencias que máis nos atinxe (a do Día de Internet e o Día das Letras Galegas) e xa estamos de novo na rúa, coma se a festividade dupla do 17 non fose de abondo e aínda quixéramos seguir de troula co noso: a enleada galego-rede que nos alenta e nos dá novos folgos. De feito, a nosa intención é celebrala os 365 días do ano, así que xa o sabedes: con crise ou sen ela e do mesmo xeito que non hai nada que poida parar o fluxo de coñecemento desenvolvido ao abeiro da Internet, haberá Código Cero para rato. Este número, con todo, é un pouco de transición. De transición cara a onde? Pois cara ese estado de cousas, propio do verán, en que a Sociedade da Información adquire a súa face máis lúdica, multiplicándose as facetas nas que Internet se converte en canle e fonte de evasión. Para os que se quedan, porque a Rede lles axuda a preparar as vacacións, e para os que xa se foron, porque lles permite estar comunicados e non perderse. Enleadas aparte, o número 94 de Código Cero ten xa ese punto de lixeireza que caracteriza ás cousas do verán. De aí que haxa máis contidos ligados ás consolas e aos trebellos que máis interese espertan no mercado. Coa excepción, iso si, das páxinas centrais, onde nos poñemos serios para dar un paseo pormenorizado polas cousas tecnoloxico-dixitais que a Cidade da Cultura está a pór en xogo. Por exemplo, a súa cobertura de rede ou os seus servizos audiovisuais. Cómpre botarlles un ollo, porque unha boa parte de nós de seguro que acabarán tirándolles partido.

O humor de Henrique Neira

SUMARIO 94

NOVAS

4 Resumo de actualidade de comercio electrónico e de empresas de novas tecnoloxías

REPORTAXES

6 Intermax dános conta do seu compromiso co acceso á rede no rural
7 Patrimoniogalego.net anima á comunidade a traballar polos nosos bens
8 Os arquitectos implantan a tramitación electrónica de documentos
9 A Biblioteca Ánxel Casal avanza na achega de libros dixitais
10 Avanzamos os obxectivos e estratexias do evento B-Web na Coruña
12 O CMG acolleu a presentación de novas ferramentas dixitais a prol da nosa lingua
14 Achegamos uns cantos exemplos de como a nosa cultura fai fronte común na Rede
15 Damos conta da apertura dunha xanela dixital aos mosteiros galegos
20 A CRTVG estrea páxina web
21 Ineo tómalle o pulso á innovación das súas empresas
23 Unha ferramenta galega para buscar traballo, finalista do Desafío Abredatos 2011
24 Facemos un repaso polo máis salientable da nosa innovación
25 Ozona ultima os detalles do seu evento en Santiago sobre virtualización

ESPECIAL CIDADE DA CULTURA (I)

16-19 Informamos dalgúns dos principais recursos tecnolóxico-dixitais do complexo

LINUX EDUCATIVO

22 Diego Rosales ofrécenos unha visión do futuro dos paquetes ofimáticos libres

GADGETS

27 Escolmamos os trebellos tecnolóxicos do mes que máis nos chamaron a atención

XOGOS

29 Repasamos o máis salientábel da tempada en materia de consolas e videoxogos

HP achégalle a súa tecnoloxía ao operador galego Retegal

Retegal, a empresa da Xunta encargada da xestión das infraestruturas e servizos de telecomunicacións na Comunidade, vén de tirar partido da tecnoloxía de HP co fin de impulsar as súas estratexias de afianzamento TIC na nosa terra. Máis polo miúdo, e segundo informa Galiciaé, o operador público empregou os servizos da multinacional para desenvolver unha rede con capacidade de abondo que posibilite a renovación do tecido galego de Internet. O proxecto forma parte do Plan de Banda Larga da Xunta e contou co apoio e infraestrutura das divisións HP Networking e HP Technology Services.

O obxectivo deste acordo coa multinacional da Sociedade do Coñecemento, máis polo miúdo, foi o de deseñar e pór en funcionamento unha rede multiservizo sobre tecnoloxía MPLS que posibilitase os requirimentos de calidade de fluxo e conexión da Xunta e das empresas operadoras de telecomunicacións que desenvolven o seu labor na nosa terra.

A propósito do porqué de ter elixido os servizos de HP, fontes de Retegal informaron de que as propostas de HP eran as que máis se axustaban ao que se demanda, adaptándose ás necesidades presentes e futuras ao abeiro do plan de modernización da infraestrutura da Comunidade.

HP Networking, que concorre neste despregamento de redes co seu socio Inycom, considera que este fornecemento de infraestrutura é clave para o futuro das telecomunicacións na nosa terra.

Balidea pon en xogo novas iniciativas de formación para ampliar o seu persoal

Balidea, empresa galega especializada en deseño e integración de software de xestión e plataformas de eAdministración, vén de anunciar unha nova estratexia formativa encamiñada a reforzar o seu cadro de persoal. Esta iniciativa, dirixida a integrar novas e novos traballadores favorecendo "o emprego estable e de calidade", conta para o seu desenvolvemento co apoio da Consellería de Benestar. Con esta aposta pola formación, que non é nova nesta empresa con sede en Compostela, dáselle continuidade á longa experiencia da firma en incorporación de bolseiras e bolseiros a través de distintas canles: primeiro con convenios con entidades de formación públicas e privadas e dende 2010 con convocatorias de bolsas propias. A idea inicial que agora adquire novos folgos foi a de integrar ás bolseiras e bolseiros na dinámica de traballo da organización, para facilitarlles a súa incorporación futura é empresa.

A estratexia de Balidea, salientábel nun contexto laboral galego que amosa unha taxa de paro xuvenil en constante proceso de aumento (arestora do 25,4%), oriéntase en boa medida a achegar coñecemento sobre tecnoloxía ou xestión co que complementar os contidos teóricos que os beneficiarios da iniciativa adquiriron nos seus estudos.

A novidade con respecto ás accións formativas previas de Balidea radica en que agora a estratexia de ensinanza non só abrangue ao persoal bolseiro senón tamén a persoas desempregadas, sendo a finalidade básica a de "mellorar a súa cualificación para convertelas en futuros traballadores e contribuír a que aumente a súa competencia profesional".

Carlos Segade, responsable de Balidea

A firma ten nestes intres aberto un proceso de selección das persoas que van participar nas accións formativas (a desenvolver en breve na empresa) para deseño de aplicacións web empregando ferramentas CMS e J2EE, programación de aplicacións avanzadas en Java. "Trátase", informa a firma, "do tipo de coñecementos que Balidea requirirá para proxectos que pensa abordar nun futuro inmediato, caso da modernización de sistemas de información policial do Departamento de Interior do Goberno vasco ou doutros de reforma no eido sanitario en diferentes comunidades autónomas".

Estes cursos poñen a disposición dos asistentes unha serie de axudas e o compromiso da empresa de contratar a un 60% do alumnado que o remate.

Arredor de 50 profesionais participaron nas xornadas sobre informática xudicial do CPETIG

O Seminario sobre Informática Xudicial organizado os días pasados polo CPETIG chegou ao seu remate cunha fonda análise das prácticas actuais en materia de investigación a través das novas tecnoloxías e no seo mesmo das novas tecnoloxías. O evento, que se desenvolveu ao longo de tres días de mesas redondas e relatorios, contou para a súa xornada final coa presenza de Gonzalo Sotelo, xefe do Grupo de Delitos Telemáticos de Pontevedra (quen falou dos protocolos forenses en probas electrónicas), e de Modesto Álvarez, responsable da Comisión de Visados do Colexio de Enxeñeiros Técnicos en Informática de Asturias (CITITA).

Asemade, o punto e final das xornadas deu acubillo a un relatorio de Miguel Alba, vicepresidente do Colexio Profesional de Enxeñaría Técnica en Informática de Galicia. En total, foron máis de 50 os asistentes ao ciclo formativo, unha boa parte deles vinculados de xeito directo ao eido da xustiza.

O obxectivo do seminario foi informar e concienciar aos xuristas dos avances en materia probatoria nos casos en que interveña o factor informático no proceso, así como dos importantes beneficios da incorporación e o emprego das novas tecnoloxías no seo do proceso xudicial. Ademais disto, tratouse de concienciar aos presentes sobre a axuda que poden recibir dos peritos informáticos nas causas e as claves de valoración da proba informática.

Técnicos en transferencia de todo o Estado danse cita en Ourense o día 1

A transferencia tecnolóxica, o seu nome xa nos adianta algunha clave, consiste no establecemento de comunicacións e colaboracións activas e rendibles entre os eidos de investigación académica e os tecidos produtivos do seu contorno. Na nosa terra, tódalas universidades dan acubillo a nexos de unión desta índole, e a Universidade de Vigo non é unha excepción. Esta toma de contacto coas empresas materialízase na OTRI, oficina de transferencia, un servizo que (por certo) non só mantén ligazóns estreitas co mercado senón tamén con outros servizos análogos do eido galego e estatal.

Froito disto é o evento que nos ocupa, entre o 1 e o 3 de xuño no Campus de Ourense: a Conferencia RedOtri 2011. Trátase da nova edición dunha serie de xuntanzas anuais e que este ano contará coa participación dun cento de técnicos de 70 universidades de todo o territorio estatal, reunidas co obxectivo de avaliar todo tipo de cuestións ligadas á área do fluxo de coñecemento investigador, facendo especial fincapé nos recursos para facer o máis eficaz posible esta achega de datos, tecnoloxías, programas e recursos.

Segundo informa no boletín do DUVI Ángeles López, directora da OTRI de Vigo, "a conferencia ten como finalidade a posta ao día nos temas máis actuais no mundo da transferencia e reunir ás persoas que se dedican a esta tarefa nas universidades españolas". A cita, explica, está organizada pola Universidade de Vigo e a Conferencia de Reitores de Universidades Españolas CRUE e conta co patrocinio da Fundación Barrié de la Maza e da Tecnópole.

O evento non será un evento xenérico sen alicerce temático concreto sobre o que debater e abranguer outras cuestións interrelacionadas. De feito, como as anteriores edicións, a convocatoria do Campus de Vigo terá un eixe temático ben claro: a profesión mesma do investigador encargado de transmitir coñecemento.

Máis información en uvigo.es.

Unha tese da USC achega claves para crear mellores buscadores

A información non vale de nada se non se pode recuperar cando se precisa e de xeito eficaz. Ou sexa: se non se pode recuperar xusto aquilo que buscamos e no intre en que lle damos a "procurar". Esta é unha das grandes materias pendentes do noso tempo: a xestión óptima do noso coñecemento. Traballar sobre isto é un dos grandes obxectivos da tese que vén de defender Ronald Teijeira Fernández baixo a dirección de David E. Losada, investigador do Centro de Investigación en Tecnoloxías da Información da Universidade de Santiago (CITIUS). O traballo, presentado baixo o epígrafe Improving Search Effectiveness in Sentence Retrieval and Novelty Detection, propón diferentes tecnoloxías de recuperación de información máis efectivas.

A tese, por certo, obtivo a máxima cualificación (sobresaínte cum laude), foi avaliada por un xurado composto por investigadores integrantes de empresas de primeira liña do ámbito da procura en liña (como por exemplo Google) e de universidades de recoñecido prestixio a nivel europeo no eido da información, como por exemplo a de Glasgow.

Segundo informa a USC, o acto de presentación da tese desenvolveuse na Escola Técnica Superior de Enxeñaría de Santiago. A longo da defensa do seu traballo, Teijeira achegou un estudo pormenorizado sobre o potencial de técnicas de recuperación de oracións (busca específica de construcións gramáticas de interese para o usuario) e detección de novidade (procura de coñecemento novo que deixa de lado o que pode ser redundante) no camiño da mellora da xestión dos datos. "Entre os usos potenciais destas tecnoloxías atópanse aspectos tan importantes na procura web como a creación dos snippets (pequenos resumos das follas web presentados polos motores de busca nas súas páxinas de resultados)", engade a USC.

O autor da tese en Santiago de Chile, en 2007

En marcha o servizo de videointerpretación para persoas xordas no Rexistro Xeral

A Secretaría Xeral de Modernización vén de informar da posta en funcionamento dunha tecnoloxía encamiñada a favorecer a eAdministración, con todo o que isto implica (un contacto máis inmediato e directo cos entes públicos, trámites a distancia e sen necesidade de desprazamentos, posibilidade de consultalos en todo intre dende a Rede, etc), entre o colectivo galego de persoas con diversidades funcionais auditivas. Máis polo miúdo, trátase dun sistema de videointerpretación en lingua de signos para persoas xordas, posto en marcha no Rexistro Xeral da Xunta e a través do portal corporativo, www.xunta.es.

O servizo, que posibilitaría un acceso á mesma información que se achega no teléfono 012, ficará habilitado a maiores nas delegacións territoriais da Xunta na Coruña, Lugo, Ourense, Pontevedra, Vigo e Ferrol. O sistema estará activo nestes espazos ao longo do mes de maio e xuño.

Como dixemos, en Santiago o videoteléfono foi instalado no Rexistro Xeral de San Caetano, a disposición de quen queira empregalo. Os usuarios, informa a Xunta, poderán establecer comunicación directa co servizo de videointerpretación da FAXPG co obxectivo de obter a interpretación en lingua de signos do que lles informe o persoal do Rexistro. Como complemento, a páxina corporativa da Administración galega achegará un apartado específico para o mesmo obxectivo. Desta volta, a persoa que tire partido do servizo en liña precisará dun computador en liña, dunha cámara web e dun teléfono, elementos cos que poderá establecer ligazón co servizo de videointerpretación sinalando a persoa ou departamento con quen quere comunicarse. Cómpre sinalar que ao igual que no caso presencial do Rexistro, o usuario ou usuaria disporá dun videointérprete que actuará de nexo comunicativo entre a lingua de signos e a oral.

Á posta en funcionamento da tecnoloxía asistiron a conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato, a secretaria xeral de Modernización e Innovación Tecnolóxica, Mar Pereira e a vicepresidenta da Federación de Persoas Xordas de Galicia (FAXPG), María del Carmen González.

Intermax axuda a comunicar o noso rural

As iniciativas empresariais que xorden en Galicia en numerosas ocasións poden chegar a sorprendernos por non estarmos afeitos a ver nacer casos de éxito practicamente da nada, e ao sumarase distintos factores que poderían xogar á contra, o mérito aínda é maior. Como exemplo de proxectos deste tipo temos en Melide a Intermax, unha empresa fundada por un mozo, que dá servizo ao rural e que ten que facerse un nome nun mercado tan competitivo como é o das telecomunicacións. Todo isto parecen grandes atrancos, pero o feito de criarse nunha familia moi emprendedora (con numerosos proxectos empresariais) e un pequeno pulo por parte dos seus proxenitores, levaron a Javier Mouriño, un estudante de Bioloxía que cumpriu hai poucos días os 22 anos de idade, a experimentar con tecnoloxías de comunicacións sen fíos para atender a unha demanda do contorno no que se move, o que paulatinamente foi dando pé a unha PEME dedicada a dar servizo de acceso á Internet a empresas e domicilios aos que non chegan o cable, o ADSL ou mesmo o 3G.

Conectando o cerne de Galicia

Intermax deu os seus primeiros pasos dando servizo en Melide, e foise estendendo aos concellos máis próximos (Santiso, Toques e Sobrado) ata chegar a 31 concellos nos que prometen unha «cobertura 100% ata o último veciño» cunha velocidade mínima de 2 Mbps, aínda que na práctica contan con clientes de 61 concellos diferentes, considerando que no seu ámbito son «o maior operador en rede e en número de clientes», destacando o feito de dar servizo a numerosos parques eólicos galegos (con dificultades para comunicarse con outras tecnoloxías).

Esta compañía foi medrando paulatinamente ata chegar a un cadro de persoal de 18 traballadores, aos que se sumarían profesionais doutras compañías sub contratadas coas que realizan distintas labores (especialmente no ámbito da enxeñaría).

Tecnoloxía Wi-Fi N para transportar o sinal

A tecnoloxía que emprega esta compañía para levar o acceso á Rede aos seus clientes sería Wi-Fi (IEEE 802.11n) aplicada a equipamentos profesionais, para o que teñen que instalar nos edificios dos clientes antenas receptoras exteriores (que integran un equipamento baseado en Linux para xestionar a conexión), o que supón unha instalación máis complexa que con outras tecnoloxías, pero que por fortuna para a meirande parte dos clientes, conta con subvencións dos concellos.

Os usuarios finais poden contratar con Intermax conexións que van dende os 2 Mbps (co 50% do caudal garantido) por 35 euros/mes; contando actualmente con clientes que incluso teñen contratadas conexións de 50 Mbps, o que serve para ilustrar a versatilidade da intraestrutura que sostén esta rede de telecomunicacións.

Aparte do acceso á Internet, estas conexións sen fíos poden aproveitarse para dar teléfono (VoIP), servizos de videovixilancia, crear redes privadas… toda unha serie de posibilidades que tradicionalmente estaban restrinxidas a redes de cable.

Colaboración das administracións

Pero as subvencións das distintas administracións non se limitan aos usuarios finais, senón que en moitos casos contribúen ao despregamento da propia infraestrutura de rede, o que fai que núcleos de poboación cun grupo reducido de usuarios poidan gozar dunhas conexións que sen ningún tipo de axudas serían totalmente inviables economicamente. Precisamente esta situación de marxes económicas axustadas é a que fai que as empresas de pequeno tamaño sexan as que teñas que meterse neste negocio, pois as grandes operadoras non están interesadas en explotar comercialmente o rural galego, de aí que exista unha oportunidade de negocio que Javier Mouriño tivo a ben explotar.

Os concellos tamén se involucran na difusión deste tipo de acceso á Rede, de xeito que non é precisa a realización de grandes campañas comerciais para a captación de clientes, pois a través de charlas informativas e bandos o público vai coñecendo que existe unha oferta de servizos de telecomunicacións que contribúe ao peche da fenda dixital.

A Administración autonómica tamén podería contribuír de xeito significativo ao crecemento de iniciativas como Intermax grazas as súas liñas de axudas, e precisamente para iso van investir máis de 15 millóns de euros para levar a Rede a 11.000 núcleos de poboación do noso rural que estaba fóra dos plans anteriores de espallamento da banda larga. A devandita convocatoria cubriría ata o 40% dos investimentos precisos, ou sexa, que mobilizaría máis de 38 millóns de euros na incorporación do noso rural á Sociedade da Información.

A rede actual

A compañía ten centralizadas as súas redes en Melide e As Pontes, a onde chegan liñas de fibra óptica con caudal garantido con distintos provedores (ONO, BT e Endesa). Distribúen estas conexións a través dunhas 80 centrais que contan co apoio duns 500 microrepetidores que eliminan as zonas de sombra. Para a realización destas instalacións chegaron a acordos con compañías como Retegal ou Abertis e os propios concellos nos que dan servizo, pero actualmente están a apostar por unha infraestrutura de seu, xa que a longo prazo resulta máis rendible que o aluguer de instalacións, o que confirma a proxección de futuro de Intermax.

Tamén é destacable o feito de que nas últimas semanas rematase a instalación dunha serie de antenas no contorno de Santiago de Compostela, de xeito que as etapas galegas do Camiño Francés contarían xa con acceso á Rede a través de Internet, o que facilita a comunicación co mundo de albergues, casas de turismo rural e moitos outros establecementos en Pedrafita do Cebreiro, As Nogais, Triacastela, Samos, Sarriá, O Páramo, Paradela, Portomarín, Guntín, Monterroso, Palas de Rei, Melide, Arzúa, o Pino e Santiago de Compostela.



Vixías da cultura



▼ O Castro de Baroña, na parroquia do mesmo nome en Porto do Son, unha das nosas xoias patrimoniais máis necesitadas de conservación

Patrimoniogalego.net convida á participación para inventariar e protexer os nosos bens

Teñen os nosos Bens Culturais quen lles vala na Rede? Sen dúbida si que tiñan, e máis que van a ter a partir de agora. A falta dunha defensa e unha conservación máis claras e máis firmes das administracións, tiveron que ser os internautas galegos os que puxeran en marcha unha iniciativa que dese continuidade e unidade ao seguimento colectivo do noso patrimonio levado a cabo dende a Internet dun xeito máis individual. Falamos de patrimoniogalego.net, mestura de observatorio, rede social e catálogo en liña do que xa adiantamos obxectivos no anterior número de Código Cero pero que avaliamos agora en máis detalle con motivo da súa apertura firme cara á colaboración cos internautas.

O proxecto, promovido polo noso compañeiro Manuel Gago, profesor da USC e autor do blog Capítulo Cero, será tamén como un gran ollo que dea conta de tódolos atentados que sufra o noso patrimonio cultural.

Dende un punto de vista técnico, trátase dun sistema de xestor de contidos apoiado en Google Maps que ten como finalidade, propiamente falando, a elaboración colectiva dun Catálogo Social do Patrimonio Cultural Galego. En boa medida, bebe das fontes da Galipedia e da Wikipedia, pero con vontade de involucrar de xeito máis directo á xente e de tirar o máximo partido posible das novas ferramentas. De feito, o seu xermolo está na rede social Facebook, onde se creou un grupo de preto de 200 persoas discutindo sobre a posibilidade de crear unha Mesa polo Patrimonio de Galicia. Este debate, unido á necesidade de pór freo á longa listaxe de despropósitos que se rexistran na nosa terra en materia de xestión e conservación dos bens culturais, fixo posible a posta en marcha de patrimoniogalego.net.

En boa medida, o espírito de colaboración e de comunidade activa que lle é propia a unha chea de iniciativas de Facebook, transmitíuselle á nova andaina. O novo portal que estamos a presentar fica aberto á participación de calquera. Os niveis de implicación, tal e como se nos conta dende o equipo promotor do proxecto, son dous: os editores e os catalogadores. Estes poden ser calquera cidadán que queira rexistrar na base de datos elementos de Patrimonio Cultural e contribuír a unha gran base de datos galega. Os editores son os responsables do mantemento e da boa xestión dos contidos do web.

A principal finalidade desta iniciativa sen ánimo de lucro é a de crear un espazo para que os profesionais e seareiros da Arqueoloxía, a Historia, a Etnoloxía, a Antropoloxía ou a Ordenación do Territorio, entre outras disciplinas, participen e interactúen, achegando e intercambiando información que moitas veces está xa dispoñible de xeito público, pero espallada en numerosas fontes de información e publicacións.

Como dixemos, a catalogación do Patrimonio Cultural é un dos principais cometidos do portal. A información que se achegue irá alén dun puro resume do catalogado. De feito, servirá para avaliar e amosar o estado de conservación dos bens aos que se lles dea acubillo, converténdose nunha ferramenta eficaz para todas aquelas persoas que teñan algún tipo de responsabilidade sobre a conservación das pegadas do noso pasado, incluídos investigadores, profesores e profesionais das administracións.

Recursos para axilizar unha obra

▲ Celestino García Braña, decano do Colexio, e Alfonso Rueda, conselleiro de Presidencia

O Colexio de Arquitectos implanta a tramitación telemática de documentos

O Colexio de Arquitectos de Galicia, da man do seu decano, Celestino García Braña, vén de descubrir as múltiples vantaxes que ten a tramitación telemática de documentos (xa implantada en varios departamentos da Xunta de Galicia), e acaba de asinar un convenio de colaboración con Presidencia e Modernización, co que facilitar a tramitación, e posterior outorgamento telemático das autorizacións de licenzas urbanísticas dende as distintas Administracións galegas.

O convenio, que ao igual que outros que lle preceden enmárcase dentro das accións definidas na Axenda Dixital 2014.gal, ten por obxecto normalizar e simplificar os procesos de validación e supervisión técnica das distintas obras arquitectónicas que se leven a cabo no noso país; desta maneira, facilita a solicitude, tramitación e posterior outorgamento de licenzas e autorizacións de obra e urbanismo, sen ter que desprazarse ata as dependencias físicas da Xunta, de maneira virtual a través dunha plataforma online.

En palabras dos seus responsables, trátase dunha iniciativa "que será exemplo de innovación no eido da administración electrónica a nivel estatal", e que beneficiará directamente tanto ás empresas privadas como á Administración e a cidadanía.

Este paso supón ademais, un aforro directo de tempo e cartos para os seus usuarios, así como unha mellora do servizo á cidadanía, ao acadar unha maior axilidade e eficiencia na tramitación dos documentos.

Na súa intervención perante os medios, o conselleiro da Presidencia, Alfonso Rueda, destacou as vantaxes deste proxecto, e citou outras iniciativas seguidas na mesma liña como o Rexistro Electrónico da Xunta, que se porá en marcha este ano; as plataformas dixitais que permiten a licitación electrónica; ou a dixitalización do Diario Oficial de Galicia.

Pola súa banda, a secretaria xeral de Modernización e Innovación Tecnolóxica, Mar Pereira, indicou que este servizo estará operativo en 2012, e "dispoñible para todos os concellos adscritos ao convenio eAdministración da Xunta e a FEGAMP". "A día de hoxe están adheridos a este acordo o 82 por cento dos concellos galegos", engadiu, "unha cifra que se irá incrementando xa que o período de adhesión se estende ata finais deste ano".

O convenio de colaboración prevé, en definitiva, a implantación de novos procedementos que normalicen e simplifiquen os proceso de solicitude, tramitación e validación de proxectos e demais traballos profesionais visados, así como o desenvolvemento dunha pasarela telemática para o envío recepción dos proxectos de edificación, unha vez estean visadas polo COAG.

Pasarela telemática

A maiores, a sinatura deste acordo posibilitará a creación dunha pasarela telemática que, entre outras cousas, permitiralle aos concellos membros acceder a información dos proxectos de obra visados polo Colexio de Arquitectos. Deste xeito, o cidadán non terá que levar a documentación en papel ata o concello para completar o trámite de autorización da licenza urbanística, e poderá facelo de maneira virtual comodamente dende o seu lugar de traballo ou domicilio.

Entre outros obxectivos, a iniciativa persigue a normalización da información e documentación dos proxectos de edificación, procedementos simplificados, normalizados e adaptados, a interoperabilidade entre as Administracións Públicas e o Colexio de Arquitectos, a implantación da tramitación telemática e fomentar a transparencia e a homoxeneidade nos procesos urbanísticos.

Novelas de peto

A biblioteca compostelá nunha imaxe achegada por Noel Feáns á Galipedia

A Biblioteca Ánxel Casal estrea o seu servizo de empréstamo de libros electrónicos

A Biblioteca Pública compostelá Ánxel Casal, que recentemente louvamos en Código Cero por ter incorporado o servizo Biblioteca Accesible para facilitarlle o seu uso a calquera persoa con eiva física, vén de novo a ser protagonista na nosa redacción, ao contar, dende hai uns días, cun novo servizo de empréstamo de dispositivos de lectura electrónica (www.rbgalicia.org).

En total, a Biblioteca que dirixe Carina Fernández Faya, xa ten a súa disposición (segundo datos achegados finais do mes de abril) un total de 48 lectores de libros electrónicos: 20 dispoñibles para levar ao domicilio, 8 para consulta na sala e outros 20 para as persoas integrantes dos seus clubes de lectura.

Desta maneira convértese nunha das 15 bibliotecas españolas que contan con este servizo en todo o Estado, que se complementa cunha plataforma elaborada pola Dirección Xeral do Libro e Bibliotecas, para que os usuarios descarguen directamente do catálogo os libros en formato electrónico que desexen.

Catálogo que, por certo, inclúe obras literarias en español, inglés, francés e alemán, así como ligazóns a outros sitios como o Proxecto Gutenberg e Bivir (Biblioteca Virtual da Asociación de Tradutores Galegos) que permite a descarga de libros en galego.

Nesta primeira fase, segundo informan no xornal La Voz de Galicia, "a maioría dos títulos serán libres de dereitos de autor".

Que teño que facer para coller un e-reader en préstamo?

-Ser socio da Biblioteca, maior de idade, e non ter préstamos sobrepasados ou sancións.

-Traer o carné da Biblioteca. Lembra que o carné é persoal e intransferible polo que se poderá pedir calquera documento acreditativo da identidade do usuario (DNI, Pasaporte ...)

- Solicitalo no mostrador do andar baixo.

-Cumprimentar o impreso para o préstamo de obxectos 3D e asinar un acta de entrega. * O aparato préstase con funda e cable USB para transferencia de datos e carga da batería.

Só se presta 1 e-reader por usuario.

* Se usas o préstamo en sala quedaremos co teu carné mentres teñas o e-reader.

Terás que devolver o e-reader nas mesmas condicións en que o levaches.

Canto tempo podo ter o e-reader?

Préstamo dentro da biblioteca :

1 día como máximo. Terás que devolvelo 1 hora antes do peche.

Préstamo a domicilio:

15 días renovables outros 15.Se cando o solicitas non hai ningún dispoñible, podes reservalo.

Como se prestan os e-books?

Os e-readers para consultar na biblioteca están cargados con tódolos títulos que temos dispoñibles ate o momento (640). Os e-readers para préstamo a domicilio están baleiros. Terás que cargalos ti. A maioría dos libros están libres de dereitos de autor.

Habilitarémosche un acceso á plataforma GaliciaEbooks onde poderás coller prestado o que queiras.

Plataforma de préstamo

Podes acceder desde a páxina web da Biblioteca (www.rbgalicia.org/santiago ou busca en Google : Biblioteca Ánxel Casal), vai ao apartado Pesquisas : Catálogos : Galiciaebooks ou ben vai directamente a **http://www.galiciaebooks.es**

Se queres coller en préstamo un e-book terás que ter un e-reader da Biblioteca en préstamo.

Na plataforma terás que identificarte cun nome de usuario e contrasinal, que te faremos chegar no momento do préstamo, para descargarte os e-books.

O teu acceso funcionará mentres teñas o e-reader en préstamo.

Na plataforma atoparás o manual de uso do aparato lector e as instrucións para a descarga, ademais da nosa selección de títulos, direccións doutras bibliotecas virtuais para descarga de e-books, recomendacións ...

Poderás deixar comentarios sobre as túas lecturas, valorar os libros e moito máis!

Como podo engadir novos arquivos ao Cybook Opus?

Conecta o aparato acendido a un ordenador empregando o cable USB. Unha vez conectado, aparecerá na pantalla do ordenador unha unidade de almacenamento USB cunha serie de carpetas. Copia os arquivos de lectura na carpeta Ebooks ou na carpeta Digital editions igual que fas con calquera dispositivo de almacenamento extraíble.

Como podo ler os meus documentos persoais no Cybook Opus?

O formato dos teus arquivos ten que ser compatible co Cybook Opus. Os formatos compatibles son:

Adobe® PDF

ePUB (DRM/non - DRM)

HTML, TXT, FB2

MobipocketTM (DRM / non-DRM)

JPG,PNG,GIF (imaxes)

Se o formato dos teus arquivos non é compatible, terás que usar un software conversor de formatos para compatibilizalos (por ex. o programa Calibre ou o Sigil, ou o conversor en liña www.epub2go.com)

Segunda edición do encontro b.web profesional

Marcus Fernández

Tras o éxito acadado na súa primeira edición, á que acudiron máis de 100 persoas procedentes do sector das novas tecnoloxías, dos negocios on-line, do marketing, das estratexias en liña e da innovación TIC, entre outras disciplinas, chega o II Encontro Profesional B-web, que busca converterse no evento galego de referencia na comunicación e o marketing empresarial no entorno 2.0 e medra en obxectivos, de xeito que vai repartir a súa actividade en 2 días (o 2 e o 3 de xuño) nos que terán lugar relatorios, obradoiros e case studies, completados por un salón profesional es as correspondentes actividades para facer networking.

B-web quere achegar as novas tendencias e tecnoloxías na web, para que os seus asistentes poidan formarse sobre as últimas e futuras innovacións no sector, estando orientado o evento a axencias de comunicación, empresas TIC, creativos, medios de comunicación, emprendedores, cazadores de tendencias, responsables de contido na Internet, directores xerais, xerentes de novos medios, responsables de campañas e todo aquel que desexe profundizar nos últimos cambios no contorno dixital e nos negocios en liña.

O programa do evento é o que segue:

XOVES, 2 DE XUÑO

B-UPDATED

9:45-10:00 – Apertura e presentación

10:00-10:50 – Conferencia inaugural: A revolución social e o social media. ¿En qué punto estamos? ¿Qué está a pasar?
Carlos Blanco, fundador do grupo ITnet

10:50-11:30 – As peores prácticas en social media: not to dos
José Ángel García López, director de formación de ASONET

11:30-11:00 – Descanso para o café

11:50-12:30 – Cómo comezar a promocionar o teu negocio nas redes sociais
Juan Merodio, socio fundador de Marketing Surfers

12:30-13:10 – Máis alá da LOPD: privacidade nas redes sociais e normativas no entorno en liña
Víctor Salgado, avogado especializado en dereito informático

13:10-14:00 - ¿Cómo xestionar unha crise de comunicación a través das redes sociais?

O CASO AENA

Luisa Rodríguez, directora da sede de Galicia de Inforpress

14:00-16:00 – Parada para o xantar

16:00-16:50 – O impacto do negocio e a medición do ROI en social media
Stephan Fuetterer, vogal da xunta directiva en innovación e novas tecnoloxías de Dircom e director xeral de Best Relations

16:50-17:30 – Novas oportunidades para as marcas no mercado de aplicacións para móbiles: iPhone, BlackBerry, HTC…
Juan Pablo Bustos, Ubiqua

17:30-18:10 – Realidade aumentada e xeoposicionamento
César González, xerente de Contact Comunicación

18:10-18:30 – Descanso para o café

18:30-19:10 – Cloud Computing: seguridade na nube. ¿Onde queda a nosa confidencialidade¿
Carlos Guardiola, director de desenvolvemento de negocio de Media Net Software

19:10-20:00 – Xestión da reputación en liña: Aprende a escoitar aos teus clientes nos medios sociais. ¿Cómo controlar o que se di da nosa marca?
Víctor Puig, director de Reputación e Contidos da axencia Overalia

B-DEMO

17:20-18:00 – Auditoría do impacto sobre presenzas web
Manuel Pan, director xeral de Abertal

18:10-18:50 – As chaves para atopar e conquistar ao novo cliente social
Marcos G. Piñeiro, socio director de Concepto 05

VENRES, 3 DE XUÑO

B-UPDATED

10:00-10:50 – Mobile Marketing: Tendencias e formatos en mobile marketing e mobile advertising. Exemplos prácticos chaves para trunfar
Óscar Fernández, general manager de MMA España

10:50-11:30 – Novos instrumentos e aplicacións de xeolocalización. Marketing xeolocalizado: aplicacións 3D, Foursquare e Facebook Lugares

11:30-11:50 – Descanso para o café

11:50-12:30 – Novos modelos publicitarios: A revolución do Adexchange
Carlos Bravo, director xeral de Coguan

12:30-13:30 – Mesa redonda: Erros principais á hora de xestionar unha boa publicidade dixital
Javier Piedrahita, director de Marketingdirecto.com (moderador)
Gonzalo Figari de D6
Javier Recuenco de Aby Personalize

13:30-14:00 – Debate e quenda de preguntas

14:00-16:00 – Descanso para o xantar

CASE STUDIES

16:00-16:20 – Bluguía, a primeira guía práctica interactiva sobre o Camiño de Santiago para Apple
Pablo Conde, director de Bluguía

16:20-16:40 – O modelo de negocio en liña
Álex Penades, director xeral de Mychiringuito.com

16:40-17:00 – Contoplanet, contos en galego para iPad e iPhone
Manuel Cristóbal, Contoplanet

17:20-17:40 – Cabozo, a rede social galega
Ánxel Folgueira, Cabozo

17:40-18:00 – Toupa.net, a primeira tenda en liña de produtos culturais galegos
Sergio Lago, Toupa.net

18:00-18:20 – Updood: ferramentas automáticas para o social network
Juan Antonio Galindo, Factory Web

18:20-18:40 – Rede Libros, a primeira rede social galega para os seguidores de literatura
Xosé Rodríguez, Rede Libros

18:40-19:00 – O caso Compostweets
Alfonso Freire, director xeral de Lúdica 7

19:15-20:45 – Teño unha pregunta de social media para vostede
Xosé Ramón Nóvoa (moderador)
José Manuel Alarcón (Krasis)
Daniel Seijo (Diariomotor.com)
María Mosquera (PéZcalo)
José Luis Casal (Asesor financeiro e mediador de seguros, +VALOR)

B-SOCIAL

10:00-12:00 – Workshop Community Management e redes sociais: Facebook, Twitter, YouTube, Flickr, LinkedIn, Quora e Tuenti
Rubén Baston, director de social media de Elogia

12:00-13:30 – Workshop A experiencia Microsiervos: cómo posicionar un blog con éxito
Javier Pedreira Wicho, Microsiervos

16:30-17:30 – Workshop Estratexia dixital para PEME
Francesc Pumarola, experto en estratexia dixital e autor do blog Gugleando por la red de La Voz de Galicia

Unha mesa redonda sobre redes sociais serve de anticipo da 2ª edición de b.web

O 25 de maio, a xeito de adianto do salón profesional B-web que acolle EXPOCoruña os días 2 e 3 de xuño, celebrouse unha mesa redonda entre algúns dos relatores do evento e un amplo grupo de xornalistas, tratándose temas como Twitter, os social media e distintos temas de interese sobre a relación dos medios de comunicación e os cidadáns coa Internet.

Ánxel Folgueira (creador da rede social galega Cabozo), Xosé Ramón Nóvoa (responsable de Hellogalicia.com), Javier Pedreira Wicho (co-autor do coñecido blog Microsiervos) e Ana Montes (directora xerente de EXPOCoruña) foron o núcleo deste foro de discusión, realizando numerosas reflexións sobre as contribucións da Rede en mudar as nosas vidas e a sociedade actual.

◀ Á esquerda, fotografia da mesa de traballo remitida por EXPOCoruña

Redes sociais

Pola súa banda, Ánxel Folgueira quixo reivindicar o seu pequeno proxecto de plataforma de redes sociais, criticando as dificultades para este tipo de emprendementos dende España, pola ignorancia do sector por parte dos poderes fácticos, o que ilustrou asegurando que «se a idea de Twitter ou Facebook nacera en España non terían ningún apoio económico e non existirían», ao que Xosé Ramón Nóvoa engadiu que «mentres que Fernando Martín adquiría FADESA por 1.500 millóns de euros, Google mercou YouTube aproximadamente 1.500 millóns de dólares», o que vai na liña ao acontecido hai una meses, cando «Barack Obama decidiu xuntarse coas empresas que poderían colaborar na saída da crise: Facebook, Apple… Aquí Zapatero xuntouse cos bancos, construtoras…».

Como signo do cambio que estamos a vivir, Nóvoa comentou que «Facebook cargouse moitas páxinas web corporativas e enderezos de correo electrónico persoais de moitos de nós».

Ana Montes, Ánxel Folgueira, Javier Pedreira Wicho e Xosé Ramón Nóvoa conversaron sobre o fenómeno do social media como adianto da segunda edición de B-web

Javier Pedreira Wicho, foi máis positivo ao confiar nas plataformas de redes sociais van ser algo máis que unha moda pasaxeira, pois «os seres humanos somos sociais por definición, polo que mentres haxa xente haberá redes sociais». E incluso sostén que a diversidade de servizos destinados a este tipo de comunicación vai manterse, diversificándose, para que os usuarios se adhiran ás redes que máis lles interesen.

Educación

Onde si foi máis crítico Wicho foi ao apuntar que a educación nas TIC é moi deficiente, e quixo desbotar o concepto de «nativos dixitais», pois considera que fóra do uso dunhas poucas ferramentas, os mozos actuais están moi pedidos na Internet, sendo en moitos casos inconscientes do exposta que está a súa intimidade na web, polo que sería precisa unha formación transversal en tecnoloxía. Nesta dirección apuntou que eran ridículas as clases de informática nas escolas, ao igual que non existen clases de bolígrafo, pois os ordenadores deben de ser unha ferramenta para o ensino en xeral, e non unha materia en si.

Tamén coincidiu na inutilidade de prohibir o acceso ás redes sociais aos menores de 14 anos, pois Pedreira considera que os rapaces buscarán xeitos de poder participar nas plataformas de moda para estar en contacto coas súas amizades.

Medios de comunicación

A presenza de numerosos xornalistas na mesa redonda levou a comentar as dificultades que atopan os medios de comunicación para adaptarse tanto á fuxida do público de edicións impresas a dixitais como á adopción das redes sociais para dinamizar os seus medios (o que é tan aplicable a xornais como a radios e televisións). Nesta liña Ánxel Folgueira espetou que «o que publican os xornais xa non é noticia. É un grande problema que teñen. Os medios tradicionais están moi lonxe de entender o social media e veno coma un inimigo», mentres que Xosé Ramón Nóvoa pensa que os medios tradicionais están a desenfocar os seus obxectivos «deixando o oco da proximidade polo que están a entrar os tuiteiros e os blogs».

En galego todo é posible



Presentadas en Compostela novas tecnoloxías da fala ao servizo da nosa lingua

Cando unha persoa sabe moito dun tema resúltalle moi complicado transmitir o seu saber nuns poucos minutos. Pero se, a maiores, a esa persoa lle gusta moito o tema en cuestión e lle quere transmitir a súa paixón a todo un auditorio, todo o tempo do mundo resulta insuficiente.

Algo semellante foi o que aconteceu na semana das Letras Galegas no Centro Multimedia de Galicia, onde a Secretaría Xeral de Política Lingüística celebrou a xornada Letras Galegas e Internet, na que importantes personalidades do eido da nosa cultura e das novas tecnoloxías, ofreceron a súa visión persoal sobre o panorama actual galego, lidando unha batalla contra o reloxo, que non lles permitiu dar conta de todo cando desexaban contar.

José R. Pichel de Imaxin, Liliana Martínez de Termigal, Antón Meixome de LibreOffice ou Anxela Chillóns da editorial Galaxia, entre outros convidados ao acto, tiñan como "misión" transmitir unha mensaxe de optimismo ás persoas alí presentes, e mostrarlle o "bo camiño" que leva a lingua galega na súa internacionalización, apoiándose na Rede e nas novas ferramentas tecnolóxicas.

O corrector Galgo de Imaxin

A xornada, que foi seguida en directo por multitude de internautas, tiña como fin último contribuír á difusión das novas ferramentas tecnolóxicas en galego dispoñibles na Rede, "para que cada vez sexan máis coñecidas e utilizadas polo conxunto da cidadanía".

Ferramentas para a corrección e a tradución de textos, dicionarios en liña, recursos para a aprendizaxe da lingua, sistemas de teleformación, software libre, telefonía móbil... a xornada deu

Captura da páxina web do recurso Digalego.com

A web da Asociación Puntogal, presente no acto celebrado no CMG

de si todo o que puído, e aínda así, deixounos a tódolos asistentes con gañas de saber máis sobre estes recursos tecnolóxicos postos ao servizo do galego.

As principais novidades en tecnoloxías da fala e da información e da comunicación en lingua galega das que se falaron, viñeron da man da Secretaría Xeral de Medios, da Secretaría Xeral de Modernización e Innovación Tecnolóxica e da Dirección Xeral do Libro, Arquivos e Bibliotecas, que colaboraron desinteresadamente nesta xornada xunto coa Secretaría Xeral de Política Lingüística.

O acto, que contou con numerosos asistentes, tamén tiña como obxectivo salientar a importancia de "cinguir galego e tecnoloxía para favorecer o emprego e afianzamento do idioma", algo que resaltou o conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria, Xesús Vázquez, na súa intervención.

Internet é hoxe un dos medios máis estratéxicos, apuntou, por iso "a presenza do galego na Rede é imprescindible para garantir que os galegos poidamos desenvolver nesta lingua os nosos actos cotiáns de vida e tamén para garantir o futuro do noso idioma e o noso futuro como falantes".

Pola súa parte, o responsable de Política Lingüística, Anxo Lorenzo, que interveu con Vázquez na clausura da xornada, destacou que "a presenza do galego en Internet e nas novas tecnoloxías garante o seu coñecemento e recoñecemento internacional que precisa a lingua propia de Galicia".

Ao longo da xornada tívose presente que "a lingua galega e as novas tecnoloxías son un elemento transversal nos diferentes ámbitos da sociedade" e, en consecuencia, tamén nos obxectivos dos diferentes departamentos da Xunta de Galicia. Por iso, a xornada Letras Galegas e Internet contou coa colaboración do secretario xeral de Medios, Alfonso Cabaleiro, quen participou xunto con Xesús Vázquez e Anxo Lorenzo na clausura da xornada, e quen puxo de exemplo a implantación da TDT en Galicia como un modelo a seguir para levar a Rede ao cen por cento da poboación no menor prazo de tempo posible.

Novos recursos postos en xogo

A Secretaría Xeral de Política Lingüística colabora no desenvolvemento dalgúns dos proxectos que se deron a coñecer na xornada. É o caso do BuscaTermos, presentado por Xusto Rodríguez, do Servizo de Normalización Lingüística da Universidade de Santiago de Compostela; ou do novo corrector de textos Galgo, do que falou José R. Pichel, de Imaxin. Nesta liña de ferramentas que inciden nunha maior calidade do galego escrito tamén se incluíu a tradución en liña, da que falou Liliana Martínez, do Termigal.

O dicionario en liña constitúe outra ferramenta de grande utilidade para a lingua. Un exemplo constitúeo o Digalego, de Ir Indo, que foi presentado na xornada polo director da editorial, Bieito Ledo. Outro dicionario, que neste caso busca favorecer o asentamento dun estándar oral galego, é o dicionario de pronuncia da lingua galega locutado, que foi presentado polo seu responsable, o profesor Xosé Luís Regueira, do Instituto da Lingua Galega. As presentacións dos novos programas informáticos en galego correron a cargo de Antón Méixome, de LibreOffice, que falou dos proxectos de software libre, e de Óscar Senra, de Imaxin, que se centrou nos recursos de software propietario.

O Soldadiño de Chumbo en versión multiformato e para iPad, unha das grandes apostas dixitais de Galaxia

O xornalista Manuel Gago foi o encargado de realizar un repaso polos principais recursos audiovisuais na rede, mentres que dos novos títulos electrónicos en galego se encargou Ánxela Chillón, da Editorial Galaxia.

Os novos sistema de formación en liña, os recursos para a etapa infantil na Rede e os terminais das compañías telefónicas foron outros dos temas que se trataron na xornada e que correron a cargo da Secretaría Xeral de Política Lingüística. Finalmente, o relatorio sobre o dominio .gal, que foi presentado por Camilo Regueiro, da Asociación .gal, pechou as presentacións da xornada.

Combustíbel cultural

Achegamos uns cantos exemplos da frutífera enleada galego-internet

Culturgal reforza a súa vertente innovadora

A xunta directiva de Asociación Culturgal, entidade responsable entre outras cousas da posta en marcha da feira do mesmo nome (onde se dá cita o mellor da nosa creatividade e os múltiples vieiros de expresión e promoción dixital desa creatividade), vén de nomear como director do dito evento ao xestor cultural Sergio Lago Varela. Con esta aposta, tendo en conta a experiencia de Lago Varela na posta en marcha de diversas iniciativas de éxito na Rede, o encontro galego (que se vai celebrar entre o 1 e o 4 decembro no Pazo de Cultura de Pontevedra) reforzará sen dúbida unha das súas liñas clave: a procura de novas canles e escenarios de mercado para o noso sector.

Lago, elixido pola xunta directiva entre unha serie de propostas e candidaturas de gran calidade e valía profesional, salienta a xuízo do equipo da Asociación pola súa "capacidade de xestión empresarial e asociativa, un fondo coñecemento de Culturgal que lle permite propoñer solucións moi concretas e unha visión multidisciplinar que se deixaba ver en todo o proxecto".

Cómpre subliñar que o novo director de Culturgal non é novo na entidade. De feito, colaborou de xeito activo no proceso de construción na mesma, como representante de Agaphono.

Sobre a súa experiencia persoal, cómpre salientar a posta en marcha da plataforma en liña Toupa.net, a tenda dixital dos nosos produtos culturais, unha aposta arriscada e innovadora que xa cumpriu un ano de vida e que foi recoñecida por EGANET co premio á mellor iniciativa de e-comercio en 2010.

Previamente, en 2003, cofundou o selo discográfico Falcatruada, que dirixiu ata decembro de 2010.

"Nesta etapa", sinala a xunta directiva de Culturgal, "ademais de participar na edición e difusión de referencias discográficas, abordou o management de artistas, xestión de dereitos editoriais, implantación de estratexias de promoción e venta en internet, produción de espectáculos de música ao vivo e realización de producións audiovisuais, algunhas delas vinculadas ás artes escénicas, especialmente de danza contemporánea". Amais de todo isto, Lago dirixiu e impulsou o afianzamento das primeiras referencias musicais galegas en redes en liña de uso xeneralizado, como iTunes, Amazon ou Spotify.

▲ **Sergio Lago, novo director de Culturgal**

Publicada a segunda edición do Manual do Galego Científico

▲ **Carlos Garrido, profesor da Universidade de Vigo**

En ocasións, as persoas que traballan comunicando en galego cuestións ligadas á ciencia e ao tecnolóxico (por exemplo as persoas que traballan nesta mesma casa), teñen series dúbidas sobre como desenvolver o seu labor da maneira máis axeitada. Que como se debería dicir isto na nosa lingua, que de que xeito se pode fuxir da excesiva presenza dos termos que derivan do inglés, etc. A listaxe de autopreguntas é interminable. Visto o visto, son precisos materiais que nos axuden a tódolos implicados, contribuíndo tamén á normalización do galego no ámbito científico-tecnolóxico. Este é un dos cometidos de Carlos Garrido e Carles Riera, profesores da Universidade de Vigo e da Ramón Llull de Catalunya (respectivamente), que veñen de lanzar a segunda edición do Manual de Galego Científico.

Trátase dun manual de máis de 600 páxinas que inclúe, entre outras moitas cousas, unha extensa sección dedicada ao estudo da morfosintaxe da lingua especializada para o cultivo eficaz do galego. A obra, que xa está nas librarías, vén a cubrir importantes ocos bibliográficos no noso país. De feito, segundo fixeron saber os seus responsables, con este libro preténdese crear un compás que guíe a redactores técnicos, investigadores, docentes, tradutores, xornalistas ou lingüistas no enleado camiño de comunicar ciencia e tecnoloxía na nosa lingua. Este eido, sinalan nunha reportaxe feita por Noemí Rey para o xornal da Universidade de Vigo, ten pouca representación, tal e como se pode ver a pouco que afondemos na materia, por exemplo no eido dos prospectos en galego, que son inexistentes, malia vivirmos nunha sociedade bilingüe, cun idioma cooficial. Así, "un documento de carácter tan crítico como pode ser a información sobre un fármaco", sinala Garrido, "non está a nosa disposición".

Cómpre sinalar que primeira edición desta obra naceu en 2000 editada pola Associaçom Galega de Língua (AGAL) co fin de habilitar dun xeito o léxico especializado abordando de forma didáctica os aspectos máis significativos da prosodia, da morfoloxía e da semántica. A obra serviu de alicerce para varios cursos de galego tanto científico como técnico na propia Universidade de Vigo. Esta segunda edición, que a xuízo dos seus responsables dá acubillo a un rico repositorio da configuración científico-técnica do idioma, achega "a única vía con futuro que poden empregar os usuarios de galego especializado".

Prosegue o itinerario da mostra multimedia sobre Lois Pereiro

Lois Pereiro, o poeta de Monforte recentemente homenaxeado no Día das Letras Galegas, segue a ser fonte e xermolo de todo tipo de accións culturais e conmemorativas da nosa lingua e a nosa cultura, algunhas delas directamente relacionadas coas cuestións que artellan esta web: as novas tecnoloxías da información. Segundo nos informa o selo discográfico e editorial Ouvirmos, Pereiro é o protagonista dunha instalación multimedia itinerante arestora aínda en activo e na que se poñen en xogo diversos recursos tecnolóxicos para favorecer o achegamento da mocidade á figura do poeta. A exposición, da que xa falamos na web de Código Cero, prosegue agora o seu periplo.

A mostra componse entre outras cousas dunha pantalla multitáctil de 56 polgadas que presenta un programa interactivo e dinámico sobre a vida e a obra do autor de Conversa Ultramarina. Asemade, inclúe un muro vertical con dúas pantallas incrustadas sobre o que se visualiza a liña temporal do escritor.

Tras pasar por Lugo, a exposición pode agora visitarse no IES Río Cabe de Monforte. Máis tarde, chegará ás bibliotecas nodais das principais vilas da nosa terra e institutos de Secundaria seleccionados. Para saber máis sobre o obxectivo e os itinerarios da exposición, cómpre visitar o espazo habilitado en Facebook (facebook.com/ouvirmos).

Xoias ao descuberto

Habilitada na web de Turgalicia unha porta virtual para entrar nos mosteiros galegos



A gran maioría dos galegos e galegas, case sen excepcións, soñamos algunha vez con visitar Florencia, Roma ou París, e coñecer de primeira man os monumentos que alí se atopan; agora ben, os pazos, mosteiros, igrexas ou capelas que temos no noso país, dunha beleza e singularidade exemplar, pasan desapercibidos para moitos de nós, que só temos como referencia a Catedral de Santiago e que descoñecemos que somos uns privilexiados da arquitectura medieval e moderna.

A Consellería de Cultura e Turismo, a fin de facilitar a visita aos principais mosteiros galegos e dar a coñecer unha boa parte da riqueza da nosa cultura arquitectónica, vén de habilitar unha ferramenta tecnolóxica que permite achegarse virtualmente a estes monumentos, a través da web de Turgalicia., www.turgalicia.es.

Trátase dunha ferramenta virtual que permite facer visitas fotográficas en 360 graos e que posibilita levar a cabo "auténticas tours turísticas" coas que visualizar e apreciar os recursos e detalles arquitectónicos de 32 mosteiros da nosa terra.

A visita virtual realízase a través de imaxes inmersivas e esféricas, o que lle permite ao visitante internarse en todas as estancias do mosteiro como capelas, claustros ou refectorios, facer xiros, e enfocar detalles.

A secretaria xeral para o Turismo, Carmen Pardo, valora esta iniciativa como "un impulso á primeira marca turística 'Galicia, gárdasme o segredo?' a través dun dos produtos cabeceiras da marca, os mosteiros galegos".

Os usuarios e usuarias desta ferramenta online poden facer xiros de 360 graos, entrar en tódalas estancias dos mosteiros e, en palabras de Pardo, "vivir en primeira persoa a maxia destes espazos", xa que non faltan os sons ambientais que amenizan a visita, tales como o ruído a auga dunha fonte ou os cánticos gregorianos habilitados ao efecto.

Entre os mosteiros galegos incluídos nesta aplicación destacan o de San Xoán de Caaveiro en A Capela (A Coruña), o de Santa Clara de Ribadeo (Lugo), o de Santo Estevo de Ribas de Sil en Nogueira de Ramuín (Ourense) ou o de Santa María de Armenteira en Meis (Pontevedra).

Para iniciar esta peculiar visita online, os usuarios de Turgalicia tan só deben premer na ligazón habilitada, elixir o mosteiro que desexe, e moverse co rato por onde os leve a curiosidade.

Este poderá facer achegamentos (zoom), xiros ou pararse nos detalles, e ver a pantalla completa aquilo que esperte a súa atención.

Tal e como afirmou a titular da carteira de Turismo, a inclusión deste novo servizo virtual en Turgalicia, obedece á estratexia de implantación da nova marca turística da Comunidade galega, Galicia, gárdasme o segredo?, "na que se aposta por achegar aos potenciais clientes turísticos de Galicia un marco de experiencias turísticas que faga máis atractiva a presentación da oferta turística galega".

A secretaria adiantou asemade, que esta web "achegará en breve novas experiencias deste tipo" que dean a coñecer a cultura galega alén das nosas fronteiras.

Cidade da Cultura, Cidade da Tecnolo

Avaliamos os principais equipamentos e servizos de nova comunicación que acolle o complexo compostelán

O desafío da Sociedade da Información

Un proxecto de tal envergadura como a Cidade da Cultura de Galicia, emprazada en Santiago de Compostela, precisa tecnoloxía de vangarda para dar acubillo, divulgar e comunicar o coñecemento para o que, precisamente, foi constituída. Asemade, tendo en conta o impulso de modernidade que alenta o miolo deste complexo cultural, achegado polo arquitecto americano Peter Eisenman, deseñador da Cidade, era natural que se quixera responder con diversas tecnoloxías innovadoras aos desafíos da Sociedade da Información. Isto a nivel xenérico. A nivel específico, cómpre sinalar que cada un dos seus edificios dá acubillo a avanzadas solucións e servizos tecnolóxicos para a posta en marcha de servizos dirixidos á preservación do patrimonio e da memoria, á investigación, á experimentación, á produción e a difusión dos eidos das letras, a música, o teatro, a danza, o cinema, as artes visuais, a creación audiovisual e a comunicación. A continuación, damos conta dalgúns dos principais equipamentos e solucións dirixidas a ampliar até onde sexa posible o diálogo do noso pobo, e da Cidade da Cultura, coa súa contorna e co ámbito creativo, social, turístico e económico de alén das nosas fronteiras.

Rede de vídeo IP e Mediateca Dixital

Coa finalidade devandita de reforzar as posibilidades comunicativas da Cidade da Cultura, encargóuselle ás empresas Vitelsa e Itelsis o desenvolvemento e aplicación da Rede de Vídeo IP e a Mediateca Dixital do complexo compostelán. A proposta tecnolóxica presentada por ámbalas dúas compañías é froito da ampla experiencia das firmas en materia de proxectos de integración e xestión de contidos audiovisuais sobre redes. O seu reto era de magnitude: cubrir as necesidades expostas polo proxecto cultural do monte Gaiás. O resultado é, en palabras dos responsables da xestión do complexo, completamente innovador nas súas prestacións e características, integrando baixo o mesmo fluxo de traballo as diferentes fases da xestión de contidos audiovisuais. Esta arquitectura de sistema, na que colabora tamén Xtream SIG (empresa do grupo Vitelsa), ofrece altas prestacións cunha estrutura construtiva baseada en plataformas abertas e estándares audiovisuais da industria, co obxectivo de garantir a interoperabilidade entre sistemas. O deseño salienta pola súa escalabilidade en número de canles, almacenamento, proceso e concorrencia de consultas, contando con interfaces abertas baseadas en XML e APIs dei integración.

A arquitectura do sistema dispón dos seguintes módulos funcionais, totalmente integrados entre si:

- Sistema de captación e transcodificación de TV. Integrado por Itelsis, é quen de converter en fluxos multicast MPEG-2 sobre a rede IP os servizos de radio e televisión presentes nos sete múltiplex dixitais TDT procesados, así como os servizos de televisión recibidos vía satélite mediante captación

xía

a través de receptores DVB-S. A configuración destas canles realízase dende un posto de operación e poden dirixirse ao sistema de presentación para a súa descodificación e emisión nunha ou varias das pantallas de alta definición distribuídas polo complexo. A maiores, estas canles poden ser gravadas, editadas, catalogadas e almacenadas na Mediateca Dixital.

• Sistema de codificación de sinal en vivo a IP. Dous codificadores MediaHUB-HD carretábeis permiten a codificación e difusión webstreaming en alta definición e en tempo real de aqueles eventos ou espectáculos desenvolvidos na propia sede da Cidade da Cultura. Ao igual que as canles procedentes do sistema de captación e transcodificación de TDT, os fluxos de vídeo procedentes destes codificadores tamén poden ser enviados ás pantallas do sistema de cartelería dinámica ou á Mediateca para o seu almacenamento.

• Sistema de arquivo dixital e xestión de contidos (Mediateca). Para integrar este sistema empregouse a solución Mediabox, desenvolvida pola compañía Xtream Sistemas de Información Global, que permite documentar e xestionar tanto os contidos audiovisuais gravados da TDT como aqueles contidos importados ou directamente dixitalizados nunha estación de inxesta ou codificador portátil presente no centro. Mediabox posibilita a xestión multicanle e centraliza toda a información recibida das diferentes fontes, controlando o acceso dos usuarios á consulta, catalogación, selección e envorcado dos contidos, segundo os perfís. Dende a aplicación Mediabox tamén se realizan os procesos de procura, escolma e transcodificación dos materiais que se estime oportuno pór a disposición do público, con capacidade para xestionar de xeito nativo múltiples formatos de audio tanto en definición estándar como en alta definición. Asemade, o sistema Mediabox permite realizar a transcodificación cara a formatos MPEG-4 para streaming en Internet ou 3GPP para streaming a móbiles.

• Sistema de cartelería dinámica para información ao público. O sistema integrado por Vitelsa e Xtream está baseado na solución C-Nario e é totalmente adaptable a incrementos de uso ou de funcións. Configúrase no inicio con 10 pantallas de plasma Full HD de Sony, que pode emitir até cinco canles independentes. Cada canle admite un deseño e maquetada multicapa e é codificado en MPEG-4, pudendo ser enviado a unha ou múltiples pantallas do sistema, ademais de poder ser visualizado nos PCs multimedia conectados á rede IP da Cidade da Cultura. A xeración e o control destas canles lévase a cabo dende o portal de xestión centralizado. Os operadores das canles de información internas e cartelería dinámica poderán buscar e extraer da Mediateca aqueles contidos de interese precisos para a composición das grellas de emisión.

• Sistema de streaming de vídeo. Os servizos de streaming de vídeo para a web e telefonía móbil están dispoñibles a través dun portal de acceso a usuarios. O servidor Darwin Streaming Server soporta os protocolos http, RTP e RTSP e permite configurar cada streaming como unicast ou multicast, empregando protocolos UDP e TCP.

• Portal de xestión da rede de vídeo IP. Para facilitar a xestión da rede de vídeo IP despregada desenvolveuse dende Xtream unha aplicación a medida que permite centralizar a xestión dos distintos sistemas que lle dan corpo. Este portal posibilita a centralización da selección dos sinais a emitir como a vía da difusión elixida sobre un interface web de emprego doado para os usuarios, que achega ademais un acceso seguro para os administradores e a posibilidade de conexión remota.

A cidade conectada

Analizamos en detalle as principais características da rede do complexo cultural do Monte Gaiás

A rede da Cidade da Cultura é unha rede multiservizo (voz, vídeo, datos), baseada en estándares, flexible cara a incrementos de traballo e uso, e que ten capacidade para ofrecer servizos extremo a extremo, habilitándose para posibles evolucións, tanto a nivel de novo hardware ou servizos que se prevén indispensables como no que se refire ao control de acceso seguro, o multicast ou IPv6. Segundo informan os responsables do complexo, apostouse con esta rede por servizos e tecnoloxías punteiros e innovadores para abordar as necesidades do proxecto, "porén nada disto é de verdade relevante se non se apoia sobre un equipamento e, sobre todo, un deseño de rede que sexa quen de soportar os restos e a criticidade das aplicacións que corren por enriba".

O modelo que se afianzou na Cidade da Cultura é un modelo multicapa. Este modelo consiste nunha arquitectura de rede en tres estratos: core, distribución e acceso. O sistema permite deste xeito deseñar e pór en marcha redes de forma efectiva e adaptable. Este deseño permitiu desenvolver no complexo do Gaiás "unha rede de alta dispoñibilidade, predicible, modular e fiable", sinálase. O despregue de toda esta infraestrutura contou coa experiencia e tecnoloxía da compañía Cisco Systems.

Punto por punto e volvendo ás devanditas características da rede, sinalar que a alta dispoñibilidade vén dada polo seu potencial para estar a tempo completo dando servizo e operativa. A alta dispoñibilidade é función da aplicación así como da conectividade extremo a extremo da rede entre o dispositivo cliente e un servizo específico. Un deseño de rede determinista é o principal factor para permitir esta marxe ampla de manexabilidade e función. O Mean Time Between Failure (MTBF) de compoñentes individuais tamén se debe de tomar en consideración. Para que unha rede sexa determinista, o deseño debe ser o máis sinxelo e estruturado posible. Isto conséguese desenvolvendo e poñendo en marcha unha rede xerárquica como a que se integra na Cidade da Cultura. Neste senso, a tecnoloxía de Cisco VSS facilitou e potenciou este obxectivo de dar alta dispoñibilidade.

Polo que respecta ao seu carácter de predicible, sinalar que isto vén dado pola súa capacidade de prever os fluxos de tráfico e comportamentos aos que dea acubillo. Este aspecto, sinálase dende a Fundación Cidade da Cultura, é moi importante para unha xestión óptima e para o amaño rápido de calquera incidencia antes mesmo de que se dea esa incidencia. Neste senso, e para facérmonos unha idea, cómpre sinalar que unha rede non predicible pode converter a xestión e seguimento de incidencias nun auténtico pesadelo. En base a isto, moitas decisións de futuro con respecto á rede da Cidade poderán tomarse só "baixo un coñecemento preciso do comportamento do tráfico, como é a integración de QoS, calidade de servizo, ou ben cando se está a decidir como implementar redundancia perante caída de equipos".

No que atinxe á modularidade, sinalar que significa que a rede está feita de distintos bloques funcionais, cada un achegando funcións específicas e concretas. A principal vantaxe da modularidade apréciase cando se realizan cambios na rede. Os bloques pódense quitar e poñer sen levar a cabo un redeseño con cada operación. Asemade, a modularidade implica tamén illamento, os bloques están separados e interactúan entre eles a través de camiños concretos de forma que se fai máis doado o control e a seguridade.

A fiabilidade da rede é a capacidade de recuperarse ou axustarse ante un posible fallo ou cambio e considérase un dos elementos clave para acadar a dispoñibilidade alta da que falabamos previamente. Factores que afectan á fiabilidade son o bo uso e a posta en marcha de mecanismos de failover e protocolos de routing, que acadan

tempos de converxencia moi rápidos tras alteracións ou caídas da rede.

Como dixemos ao comezo deste artigo, o modelo que se afianzou na Cidade é un modelo multicapa. Isto que significa? Pois que está formado por unha arquitectura de rede en estratos, cunha estrutura que achega a posta en marcha de redes máis efectivas. O deseño multicapa permite cubrir as necesidades actuais e vindeiras dunha entidade, empresa ou institución. Este deseño, informa a Cidade da Cultura, posibilita a construción dunha rede doada de entender e de xestionar, con patróns de tráfico previsibles, sendo os seus compoñentes as seguintes tres capas: a capa de acceso, a capa de distribución e a capa de core (backbone), cuxas principais vantaxes son a xerarquía e a modularidade. Malia que cada estrato cumpre funcións específicas, hai servizos que se manteñen extremo a extremo de xeito que se garantan a través de toda a xerarquía da rede. Estas funcións son, por exemplo, a calidade de servizo (QoS) ou a seguridade, que en cada capa cubrirán as necesidades que correspondan. O soporte de multicast e de IPv6 a través de toda a rede son igualmente importantes nestes días nos que o multicast está a gañar cada vez máis presenza e nos que o Ipv6 amósase como clara evolución do Ipv4, que tiña uns rangos xa esgotados. Nun modelo como este, as capacidades e as funcións dun determinado dispositivo están optimizadas segundo a súa posición e máis o seu cometido na rede. Un deseño xerárquico evita, asemade, a necesidade de mallar ao cen por cen os nodos que constitúen a rede. O modo multicapa é o máis usado nos contornos empresariais a día de hoxe, e é o que se seguiu na Cidade da Cultura.

WLAN

A rede WLAN desenvolvida na Cidade da Cultura baséase en tecnoloxía 802.11n, con puntos de acceso dual-band (2,4 Xhz e 5 Xhz) e tanto con antenas integradas como con externas. Esta arquitectura centralizada permite ter unha solución extremo a extremo integrada, posibilitando servizos de localización de activos, persoas ou visitas, co mesmo sistema de xestión co que se manexan a rede WLAN e máis as coberturas. O Cisco WCS permite xestionar mapas de cobertura sobre o plano do edificio, á vez que se achega visualización dos clientes Wi-Fi conectados, e até aos potenciais hackers (clientes ou puntos de acceso Wi-Fi non asociados á rede). Con este equipamento, por certo, tamén poden despregarse puntos de acceso para dar servizo en exteriores. A solución de Cisco, de feito, é compatible en exteriores e máis en interiores e xestiónase coa mesma plataforma, WCS.

A rede sen fíos pretende dar internet a dispositivos Wi-Fi. O gran reto, informan dende a Cidade da Cultura, é poder achegar unha calidade de servizo semellante á rede de cable, tanto en velocidade, como en seguridade e calidade. Cos estándares xa dispoñibles no mercado e as capacidades propias da rede desenvolvida baseada en controladora de Cisco 5508 e Aps 1252 e 1142, é posible subministrar anchos de banda teóricos de 300 Mbps por AP, aplicar QoS nos interfaces radio para garantir aplicacións críticas como VoWLAN (voz sobre Wi-Fi) e integrar seguridade dun punto a outro con mecanismos de acceso fiables baseados en 802.1x/WPA2 e a aplicación de IPS na propia controladora.



A maiores, e como unha das grandes características dos puntos de acceso Cisco, cómpre salientar a súa capacidade de soportar vídeo. O vídeo, sinalan, fai neste caso concreto un uso intensivo de multicast, un tipo de tráfico cada vez máis espallado. O soporte eficaz de vídeo sobre WLAN foi tradicionalmente un reto a cumprir. Os Aps despregados no complexo teñen a capacidade de entender vídeo, o que se resume de xeito básico nas seguintes tres capacidades: mapear tráfico mcast a unicast a nivel de AP, priorización de diferentes fluxos de multicast e control de admisión (CAC) para vídeo. "Só con estas capacidades é posible un despregue estendido e eficaz de vídeo sobre unha rede sen fíos", engádese.

A rede Wi-Fi despregada na Cidade da Cultura soporta ademais funcionalidades para poder seleccionar de xeito automatizado a banda dos 2.4 Xhz ou os 5 Xhz, de forma que se optimiza e potencia a lonxitude de banda dispoñible mediante o uso das dúas bandas de maneira transparente para o usuario. A través dunha tecnoloxía chamada ClientLink, esta rede optimiza de igual maneira o rendemento cando se atopan tanto clientes 11n como 11b/g asociados a un mesmo AP, que por defecto adopta pois as capacidades do máis lento co obxectivo de asegurar a compatibilidade entre os dispositivos. Esta funcionalidade é fundamental nestes anos de transición da tecnoloxía 11b/g/a a 11n.

A xestión da rede

"Sen unha boa solución de xestión", informan dende a Fundación Cidade da Cultura de Galicia, "unha rede como a deste complexo, con múltiples tecnoloxías, servizos e plataformas integrados ao longo e ancho da estrutura, sería moi complicada de controlar, supervisar e manexar". Neste senso, engaden, o emprego de plataformas dedicadas por tecnoloxía permite a escalabilidade das mesmas, garantíndose unha xestión completa e especializada. A integración e o entendemento entre elas permite ver a rede como unha solución única a administrar. No caso da Cidade da Cultura son varias as plataformas de xestión que operan na rede. Cómpre salientar o WCS (Wireless Control System), para toda a xestión da rede sen fíos, o CSM (Cisco Security Manager) para toda a xestión de seguridade, ou o MARS (Monotoring Analisys and Response System) como ferramenta de correlación de eventos. Tamén é preciso destacar o CiscoWorks LMS para a parte de infraestrutura de rede, amosando a topoloxía de rede, monotorización de rendementos, xestión de inventario e máis de configuracións, ect.

A Galega renova a súa páxina web

A Compañía da Radio e Televisión de Galicia aproveitou a data do Día das Letras Galegas para renovar a súa páxina web no que poderiamos definir como un cambio tranquilo, posto que a nova feitura chega só nunha versión de proba (beta.crtvg.es) que o público pode visitar a través dunha ligazón na portada da web anterior, fuxindo dun cambio traumático e facilitando así que o novo espazo vaia collendo forma segundo a resposta do público.

O cambio máis notable do novo espazo é a nivel estrutural, pois o novo deseño reparte os contidos en grandes áreas que non só diferenciarían a televisión e a radio, senón que tamén dan unha importancia especial ao deportes (permitindo o seguimento en directo de varios encontros simultáneos vía web e unha interacción social en tempo real durante os mesmos), aos contidos culturais, a unha nova sección infantil e á inevitable información meteorolóxica.

Tamén pode destacarse o feito de que plataformas como Facebook ou Twitter están fortemente integradas no novo espazo, facilitando a comunicación coa audiencia e contribuíndo a dar unha imaxe unificada da CRTVG na Internet.

Malia os cambios de molde, a páxina web da Compañía continúa a ofrecer contidos audiovisuais en directo e en diferido, incrementa o peso do vídeo nas súas páxinas e incorporando distintas novidades que os pasados días Esther Medina, xefa do Servizo de Innovación e Novas Canles da CRTVG, comentou no programa Banda Ancha da Radio Galega.

Atendendo a unha das suxestión que máis chegaban ao departamento que dirixe Medina, o novo espazo deixa de transmitir os seus contidos a través de tecnoloxía de streaming de Microsoft para empregar unha solución multiplataforma, de xeito que os contidos estarán dispoñibles en PC, Mac, móbiles, tablets… para o que tiveron que «facer un traballo de recodificación de contidos importante». Desta maneira, tanto as transmisións en directo coma os contidos á carta están dispoñibles para multitude de dispositivos, facilitando o consumo audiovisual por parte do público.

A nova páxina web buscou, entre outras cousas, que «cada marca teña unha imaxe unificada, que o usuario saiba que está nun contido da radio, un contido da televisión ou un contido da Compañía» evitando que as marcas se diluísen coma no anterior deseño.

Medina comentou que coa nova web o que queren é «crear unha canle máis desta casa. A Internet a vemos con esa posibilidade e o que facemos é reutilizar certos contidos para convertelos nun produto web. Haberá cousas da casa (..) pero haberá tamén produtos propios da web. Por exemplo, a sección infantil, que é unha das grandes apostas que facemos vai nesa liña» buscando ser un referente de contidos de calidade para nenos en Galicia.

O novo espazo aposta polo contido creado en Galicia e pola reutilización dos contidos anteriores. Tamén creáronse novas canles temáticas de temas como a cociña, festas galegas… nas que facilitan a localización de contidos nos seus programas.

Entre o que queren destacar da nova web está o feito de que «todo o contido pode compartirse; todo o contido pode valorarse. O usuario está presente en toda a web. Queremos que traslade ese tipo de contido ás redes sociais», o que consideran que é un compromiso ao que teñen que atender dende a CRTVG como servizo público.

No que á radio se refire podemos subliñar novidades como a creación de «podcasts de determinados programas» e dun espazo chamado Os protagonistas no que se pon cara aos presentadores de radio.

Sobre a posibilidade de que nun futuro poidamos gozar de aplicacións que faciliten o acceso aos contidos da CRTVG dende móbiles e tablets, a xefa do Servizo de Innovación e Novas Canles asegurou que están «rematando do prego técnico» para que en breve poidamos gozar de aplicacións da CRTVG para dispositivos móbiles, o que consideran que é o paso natural tras a remodelación da páxina web da Compañía.

▲ Esther Medina mostra no seu iPad as funcionalidades da renovada web

O papel (fundamental) das TIC na economía social

Isabel Iglesias, da empresa IG Documentación, avalía o potencial do sector no desenvolvemento, a igualdade e a participación

Falar de economía social é pensar de forma inmediata no terceiro sector, en voluntariado, en cooperativismo, en pequenas iniciativas. Pero, non estaremos tamén necesitando unha revisión de conceptos? Se algo nos debería estar a ensinar esta crise que non cesa é que a expresión "economía social" non deixa de ser a manifestación de formulacións restritivas e excluíntes porque o mercantil ás costas da sociedade tróuxonos até aquí. Teoría e realidade exponnos emocións encontradas porque seguir mantendo o concepto de competitividade herdado choca frontalmente co noso propio comportamento como usuarios. Queirámolo ou non, Internet cambiouno todo. Mentres os tecnólogos buscan competir abaratando a tecnoloxía, os usuarios descóbrenos novos usos e formas de interactuar. Comentabamos recentemente a dificultade de recoñecerse na formación de economista, agora que "hai que responder preguntas que non foron formuladas" e que o valor xorde en calquera esquina nunha empresa que "nin factura, nin se lle espera".

Falar de economía social non é falar de altruísmo, que sempre existiu, senón de novas formas de relación nos que a economía ha de ser a base, non o obxectivo. De feito, a distribución a custo (case) cero converteu o compartir nunha industria moi potente. Falar só de economía monetaria di moito sobre a nosa miopía ao pretender medir o valor no canto de enfocarnos sobre o valor que se crea.

Desde o ámbito TIC sabemos ben o que significa a democratización da materia porque comprobamos, cada vez a maior velocidade, como os custos redúcense á mesma velocidade que aumenta a capacidade, a velocidade… Todo o que se relacione co "xogo triplo" de tecnoloxías máis rápidas, mellores e máis baratas tenderá a custo cero, o que implica que valor e prezo non son sendas paralelas. Como di Chris Anderson "Internet converteuse na terra do gratis, non por ideoloxía senón por economía".

A economía debe ser social, e non por ideoloxía, senón por simple visión de futuro. Porque, "unha vez creadas, as ideas desexan propagarse lonxe enriquecendo todo o que tocan". Todo o demais non fará senón enredarnos en formulacións e problemas perversos.

I. G. Documentación S.L., empresa asociada a Ineo, fundase en 1998 como consultora especializada no ámbito da información e en proxectos de innovación e investigación. Tal e como se definen na súa web, a súa misión "non é a transferencia de información (é dicir, eu falo e ti escóitasme...¡se queres!) senón a transacción de información, é dicir, que a información que se está transmitindo sintonice cos intereses de quen a recibe, que teña aplicación práctica.

TAGEN ATA, UN EXEMPLO DE BOAS PRÁCTICAS EN ECONOMÍA SOCIAL

Tagen Ata preséntase como empresa de economía social do ámbito das TIC. Unha cooperativa que ten como misión fomentar a participación e o desenvolvemento social a través da creación, transformación e adaptación innovadora do coñecemento. Baseamos a nosa actividade empresarial no aproveitamento dos recursos tecnolóxicos para a mellora na comunicación social e na transmisión do coñecemento, adaptándonos, por tanto, a novos formatos e novas canles comunicativas, co obxectivo de impulsar as TIC como ferramenta clave no avance social. Entre as nosas actividades atópase a formación en liña, a adaptación pedagóxica e dixital de contidos, a redacción dixital, os servizos lingüísticos, etc. O noso traballo está enmarcado no fomento do cooperativismo, da economía social, da igualdade de xénero e da diversidade lingüística. Tagen Ata traballa desde o software libre e os formatos abertos para desenvolver unha idea de negocio implicada na sociedade do coñecemento, no social, na cultura colaborativa e na cooperación empresarial.

Foro Ineo da Sociedade da Información
AS TIC NA ECONOMÍA SOCIAL

Espazo para a reflexión conxunta sobre as boas prácticas existentes nas empresas do sector TIC orientadas á economía social

30 de XUÑO do 2011,
Club Financiero de Vigo (Avenida de García Barbón 62, Vigo)

Proxecto cofinanciado:

Imprescindible confirmar asistencia: comunicacion@ineo.org / 902 905 510
Máis info: www.ineo.org

XUNTA DE GALICIA

UNIÓN EUROPEA
Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional

OpenOffice na encrucillada

Achegamos alternativas útiles á suite ofimática libre, arestora sen futuro definido

Diego Rosales Galiñanes

1.- A carraxe do deus celoso

Se lle preguntáramos a un usuario de certo nivel cal é a aplicación do software libre máis coñecida e empregada a resposta sería seguramente Mozilla Firefox. Pero se lle preguntáramos que aplicación permitiu o uso das distribucións de GNU/Linux a nivel de escritorio a resposta sería, con case total seguridade, OpenOffice. Esta suite, coas súas infinitas derivacións, posibilitou que os usuarios traballen a custo certo. Pero isto vai a cambiar…

Para aqueles que non estean ao tanto das novas do mundiño informático comentareilles que o ano 2009 a empresa Oracle mercou Sun MicroSystems. Con esta operación todos tivemos a sospeita de que unha serie de proxectos do eido software libre que Sun mantiña ían sufrir transformacións en mans do novo propietario. Deste xeito, proxectos como OpenOffice ou MySQL pasaban a ter un futuro por definir.

Oracle gastou na compra uns 7.400 millóns de dólares e cunha orientación comercial en extremo (só hai que ollar en fite nos seus populares prezos en materia de formación) para converterse nun monopolio no sector do mercado das bases de datos e introducirse no mercado do hardware. Con este evidente (e por outra parte, lexítimo) ánimo de lucro, quedaba por ver que ía acontecer con todos eses proxectos hippies da antiga Sun. E comezou a facer cambios que a comunidade non recibiu con agrado.

Temendo que as cousas podían torcerse e tocar un dos software estrela de tódalas distribucións, unha serie de empresas como Canoical (que fai Ubuntu), Google, Colabora, PSF, etc, comezaron a crear un novo fork cunha derivación de OpenOffice que se denominou LibreOffice (o nome é mala vontade ou falta de maxín?). Neste fork participou gran número de programadores de OpenOffice. E isto alporizou a Oracle, que, como boa empresa, viu nisto un conflito de intereses ao ter empregados que participaban con produtos que podían ser competencia directa dos seus, e convidounos a marchar, isto é un eufemismo, por suposto.

2 A vida lonxe de Asgard

Calquera dos ceos da mitoloxía (puxen Asgard porque Thor está de moda polo filme) promete seguridade e ledicia aos seus habitantes. E ámbalas dúas características son as esencias de calquera utopía que se precise. A pregunta: que pasará agora con OpenOffice sen o escudo (económico) dunha gran empresa? Os máis agoireiros din que Oracle romperá a cadea de continuidade, outros que pasará a ser de pago trala supresión de StarOffice. O certo é que dende que Oracle adquiriu a suite, non saíron máis que release cantidates, e nada sólido.

Pola contra, a alternativa LibreOffice tivo unha actividade frenética e xa se liberou a versión 3.3.2. Para coñecer os propósitos do novo for, pódese visitar www.thedocumentfoundation.org, para descargar o paquete (multiidioma, multiplataforma e de balde) pódese acceder a www.ibreoffice.org. Incorpora máis filtros de importación de documentos, incluíndo un moi importante, pois asegura a compatibilidade cos novos tipos de ficheiros de Microsoft Office 2007, é máis rápida no arranque e máis visible no escritorio por ter un novo xogo de iconas máis axeitado para o contraste.

Xa vén de serie en Ubuntu 11.04. O rei morreu, longa vida ao rei? Xa veremos.

Rede para ver onde hai choio

Unha ferramenta galega para buscar traballo, finalista do *Desafío Abredatos 2011*

Comoestaelpanorama.com ben podería ser un grupo de Facebook creado a raizame dos resultados acadados polo PP nas últimas eleccións; tamén un tag en Twitter para dar conta do que sucedeu nos últimos días en torno o IGAPE, ou mesmo o nome dun álbum fotográfico coas imaxes do volcán islandés que obrigou a cancelar máis de 5.000 voos en toda Europa; pero non é nada diso, trátase de algo moito máis innovador e interesante para os máis de 5 millóns de parados que hai en España: unha ferramenta online, de utilidade para atopar traballo.

Máis polo miúdo, é a proposta dun dos equipos galegos participantes no programa Desafío Abredatos 2011, que está

entre os proxectos candidatos a gañar o concurso, e que serve para saber en que zonas de España hai máis posibilidades de atopar traballo.

A ferramenta, que foi desenvolvida en tan só 48 horas, consiste nun mapa virtual de España que achega a relación do número de parados e das ofertas de emprego que hai en cada Comunidade Autónoma, e tamén nos distintos concellos, para que os usuarios poidan buscar traballo da maneira máis visual e intuitiva posible.

Asemade, a aplicación, que ata o vindeiro domingo 29 de maio estará exposta a votación popular para decidir os gañadores do concurso, inclúe a posibilidade de buscar un concello concreto e acceder a unha ficha coa información detallada do mesmo, así como a referencia a outros municipios próximos ao seleccionado.

¿Como está el panorama? é un proxecto aberto ás suxestións e comentarios dos usuarios, polo que ten habilitados cadanseus perfís en Facebook, Twitter e Youtube; nesta última plataforma podemos ver xa o vídeo de promoción do proxecto.

Desafío Abredatos 2011

O Desafío Abredatos 2011, é un concurso no que os equipos desenvolven servizos tecnolóxicos de utilidade para a cidadanía, baseados no uso de datos públicos, de forma "exprés", e cun tempo límite de 48 horas.

Unha vez que se publicaron os 38 proxectos participantes, durante a fin de semana do 7 e 8 de maio, comezou a fase de difusión e promoción dos proxectos, e ao longo desta semana seguirán expostos á votación popular.

Entre os participantes desta edición do Desafío Abredatos, atópanse, asemade, outros dous equipos de profesionais galegos: un procedente da Coruña e outro de Vigo.

Nesta edición, foron os mesmos equipos participantes, os encargados de decidir aos 8 finalistas do concurso.

Cartaz do concurso, no que tamén participan outros dous equipos galegos

Innovando por

Achegamos a nosa ración mensual de creatividade

Aplicación galega de aprendizaxe de linguas para iPad

Entre os proxectos finalistas da categoría Mellor idea de negocio 2.0 – mellor start-up galega da I Edición dos Premios INNOVA-G 2010 figuraba Binaurality (www.binaurality.com), un método para a aprendizaxe de idiomas baseado na escoita binaural, accesible en formatos portátiles para o seu aproveitamento en reprodutores de MP3, teléfonos móbiles… e agora tamén no iPad, pois nos últimos días incorporouse á App Store a aplicación Escucha y Aprende inglés, que pode adquirise por 2,39 euros e que inclúe unha serie de leccións que consisten en escoitar simultaneamente frases en inglés e o seu equivalente en español a través de locucións tecnicamente estudadas e deseñadas cun volume específico para facilitar a escoita.

É preciso empregar auriculares para poder gozar desta aplicación que, ao empregarse nun dispositivo doado de transportar, facilita o aproveitamento do noso tempo libre para a aprendizaxe de idiomas.

Aparte desta versión para que usuarios hispanofalantes aprendan inglés tamén teñen a súa versión inversa, Listen & Learn spanish, que emprega o mesmo método para a aprendizaxe do español.

Recoñecemento computacional a estudantes galegos

O primeiro premio do First International ComplexHPC Challenge, un evento aberto a participantes do ámbito da computación de altas prestacións (HPC) de todo o mundo, acaba de vir para Galicia, da man do equipo formado por Roberto Rey Expósito e Sabela Ramos Garea, estudantes da Facultade de Informática da Universidade da Coruña, que presentaron o traballo The F-MPJ Challenge: Solving Complex Problems on Hierarchical Architectures with Java.

Trátase dun proxecto que mellora o rendemento da aplicación bioinformática, ProTest3, a través do soporte eficiente que proporciona a biblioteca na que están a traballar: a F-MPJ. O First International ComplexHPC Challenge, celebrouse o pasado 11 de maio en Amsterdam, no marco da First ComplexHPC Spring School, unha escola que reunía a investigadores da computación de altas prestacións chegados de todo o mundo.

Roberto Rey, alumno do Máster en Computación de Altas Prestacións, e Sabela Ramos, bolseira do programa de Formación do Profesorado Universitario (FPU), foron admitidos nesta escola cuns números clausus de 50 prazas, e posteriormente, a súa candidatura quedou entre as 3 finalistas.

O xurado do evento, logo de ver unha demostración do seu proxecto, elixiu o traballo galego baseándose en criterios académicos, de eficiencia da solución e de potencial de aplicación no ámbito industrial.

Roberto Rey Expósito é primeiro premio de proxectos do Colexio de Enxeñaría Informática, mentres que Sabela Ramos Garea é primeiro premio fin de carreira nos eidos nacional, autonómico e da UDC en Enxeñaría Informática, ademais de desenvolver na actualidade a súa tese de doutoramento no Grupo de Arquitectura de Computadores da UDC.

Enrique Prieto, novo director técnico de Emetel

A empresa galega Emetel, especializada en achegar solucións de comunicación e sistemas de redes, vén de anunciar a incorporación de Enrique Prieto como novo director técnico da compañía, que chega á mesma por segunda ocasión, logo de ter formado parte da plantilla entre os anos 1995 e 1998.

Logo pasou a ser responsable de Rede na empresa R Cable e Telecomunicacións, e tras dez anos nesta compañía, ocupaba dende hai dous, o cargo de adxunto a Dirección da empresa Electrónica del Noroeste.

A incorporación de Prieto a Emetel englóbase, en palabras do actual director xeral, Manuel Lago Vecino, na aposta da compañía "por ofrecer a máxima calidade e innovación de servizo" aos seus clientes e o desenvolvemento orgánico que a leve a situarse como "unha das empresas TIC líder en Galicia".

A aposta pola innovación galega, clave do éxito de Quobis

Quobis, empresa galega da que falamos recentemente nesta revista como exemplo de por onde habería que facer camiño agora que as actividades base tocan teito (construción e demais), conseguiu rematar 2010 cun medre nas cifras de negocios do 38%, cousa que é aínda máis salientábel se temos en conta o contexto económico actual de crise. Segundo fixemos saber daquela, a taxa de crecemento da firma debeuse a varios factores, entre os que cómpre incluír a especialización en mercados verticais, a experiencia gañada e máis a consolidación en mercados españois e portugueses.

Segundo nos conta A Nosa Terra nunha extensa reportaxe da Asociación IOP sobre a traxectoria da compañía con sede no Porriño, detrás dos éxitos acadados tamén se atopa, sen dúbida, o seguinte punto a favor: a súa aposta pola innovación galega, polo sustentábel e polos códigos abertos aplicados á comunicación. Estes son, de feito, os ingredientes dun dos programas máis innovadores dos que xurdiron dende o seu seo: un servizo para realizar trámites por teléfono que fai posible e complementa a realidade da Administración Electrónica. Estamos a falar de SecVoID.

A firma Quobis, que colabora con entidades privadas como Contactnova e públicas como as Universidades de Vigo e A Coruña e o centro Gradiant, desenvolveu un plan de I+D para os vindeiros anos que, segundo engade A Nosa Terra, abranguerá (entre outras cousas) a creación e mellora de diversas tecnoloxías de telefonía baseadas en código aberto.

A idea é seguir o ronsel que deixaron servizos como o dito SecVoID. Máis en detalle, trátase dunha ferramenta que dota aos sistemas de voz a través das redes da posibilidade de garantir a identidade dos interlocutores. Para isto, o sistema baséase no uso do DNI electrónico ou certificado dixital de

rque podemos

galega arredor desa cousa chamada coñecemento

cada un, o que permite a súa identificación en tempo real, asegurando así a autenticidade da chamada.

Mediante o SecVoID, a transmisión realízase de maneira encriptada, permitindo a xeración de novos servizos e campos de aplicación, tales como a sanidade (asegurando a identidade do doente en conversas telefónicas), as administracións públicas (simplificando os procesos de identificación da cidadanía e ofrecendo novos servizos que ata o de agora requirían da súa presenza física) ou as xestións bancarias, sempre que se fagan por teléfono. SecVoID é o resultado dun proxecto liderado por Quobis, en colaboración con Contactnova e o grupo GTI da Universidade de Vigo como socios.

Tras 11 semanas, dispoñible en galego o Internet Explorer 9

Estamos afeitos a falar dos esforzos que fan distintos colectivos para que o software que empregamos a diario estea dispoñible na nosa lingua, de aí que non resultase agradable comentar que na estrea do Internet Explorer 9 para Windows Vista e 7 o éuscaro e o galego quedaron marxinados (de feito, a actualización da aplicación non podía instalarse en equipos co Windows en galego), pero finalmente Microsoft pisou o acelerador na tradución do novo navegador web e na última semana de maio presentou unha actualización do IE9 que incorpora 53 idiomas adicionais, chegando a un total de 93, o que convertería ao Internet Explorer 9 no navegador web dispoñible en máis linguaxes, superando ás 86 do Firefox 4, ás 45 de Google Chrome 11, ás 44 do Opera 11.0 e ás 16 do Safari 5.

Deste xeito, agora o Internet Explorer 9 está dispoñible na totalidade de linguas dispoñibles para Windows Vista e só deixaría 3 idiomas de Windows 7 fóra. O Internet Explorer 9 está dispoñible para a súa descarga en numerosas linguas de todo o mundo, aínda que estas versións do IE9 tamén poden instalarse a través de Windows Update como unha actualización opcional.

Nova web a Asociación de Altas Capacidades de Galicia

A Asociación de Altas Capacidades de Galicia (ASAC) vén de presentar o seu novo portal (www.altascapacidades.org), dirixido a informar polo miúdo dos seus obxectivos (dar apoio e impulso ás nenas e nenos con altas capacidades) nos novos escenarios dixitais, amais de contribuír a crear espazos de colaboración e traballo participativos. Na presentación da páxina web, que tamén se dirixe a dar soporte e asesoramento aos docentes no seu labor educativo cotián con estes colectivos, interveu o conselleiro de Educación, Xesús Vázquez, quen fixo fincapé na necesidade de pechar fileiras arredor dunha responsabilidade ben clara: ser quen de traballar no desenvolvemento dos potenciais destes alumnos con recursos e servizos que capten a súa atención e o seu interese.

A nova web, precisamente, encamíñase en boa medida a achegar metodoloxías para acadar isto último, implicando de xeito activo a nais, pais, docentes e investigadores.

No acto tamén estiveron presentes a profesora de psicoloxía da Universidade de Santiago e investigadora de altas capacidades, Carmen María Pomar Tojo; a divulgadora científica e periodista, María Solar Núñez; o catedrático de electromagnetismo da USC, Jorge Mira; a o ilustrador, profesor e co- responsable do portal de ASAC, Xosé Tomás Díaz. ASAC, entidade sen arela de lucro creada en 1995, con sede na Facultade de Psicoloxía da Universidade de Vigo, ten por principal obxectivo o de pór en marcha accións para mellorar a formación, o desenvolvemento e a calidade de vida destes colectivos.

A galega Commcenter acada un beneficio de 1,9 millóns de euros

A empresa galego-rioxana Commcenter, distribuidora nacional do operador Movistar de capital independente, vén de facer reconto, co gallo da súa xunta xeral, das contas anuais do exercicio 2010, segundo fixeron saber os propios responsables da compañía "enormemente positivas". A firma, centrada sobre todo na achega de servizos de telefonía, está a consolidarse nos últimos anos como un modelo a seguir dentro do ámbito da distribución de produtos e recursos variados de telecomunicacións exclusivos, liña de medre e afianzamento que se viu confirmada coas "excelentes cifras" acadadas en 2010 no que se refire a crecemento de negocio.

Os resultados obtidos, informa a compañía, están por enriba dos obxectivos fixados no seu plano de negocio, "xa que melloraron a marxe bruta como consecuencia dunha óptima xestión dos seus produtos e dunha rigorosa xestión e control do gasto".

Como consecuencia, a marxe ascendeu a 17,74 millóns de euros, incrementándose un 21,32% sobre o ano anterior. De feito, Commcenter incrementou o seu resultado un 94,8% até acadar os 1,9 millóns de euros de beneficio.

Ozona presenta en Santiago ferramentas para un posto de traballo flexible

O Centro de Novas Tecnoloxías de Galicia (CNTG) vai acoller o vindeiro 9 de xuño un encontro divulgador profesional sobre ferramentas de computación na nube para facer máis doada, rendible e eficaz a xestión empresarial. Máis polo miúdo, a xornada dará acubillo á presentación de diversas solucións técnicas de Microsoft e Citrix, integradas baixo a denominación V-Alliance, para a creación dun posto de traballo flexible.

O evento, que vén da man da firma galega Ozona, vaise desenvolver de 10.00 e 13.30 horas, contando para o seu desenvolvemento con expertos en virtualización como Marcos Paredes, director da Área de Tecnoloxía da dita empresa, ou José Luis Cruz, especialista en solucións de Microsoft Ibérica. A inscrición no seminario é de balde.

A continuación damos conta do programa.

1. Presentación
2. Solucións vAlliance
3. Arquitecturas

3.a. Plataforma Microsoft. Xestión e sistemas operativos. System Center, w7, w2008S-R2, Hyper-V (José Luis Cruz - Solution Specialist en Microsoft Ibérica)

3.b. Tecnoloxías Citrix. XenDesktop, XenApp, NetScaler/ Branch Repeater WS, Essentials for Hyper-V (José Juan Díaz – System Engineer Citrix)

4. Pausa
5. A virtualización cos pés na terra (Marcos Paredes, director da Área de Tecnoloxía de Ozona)
6. O desktop flexible (Marcos Paredes, director da Área de Tecnoloxía de Ozona)

Como dixemos, a Xornada vAlliance celebrarase no Centro de Novas Tecnoloxías de Galicia o vindeiro día 9 de xuño, e nela, Citrix e Microsoft achegaranlles ás empresas asistentes un conxunto completo de solucións de virtualización, a fin de subministrar ás persoas asistentes unha infraestrutura de TI flexible e dinámica para as súas entidades.

Estas dúas compañías internacionais, teñen ofrecido solucións empresariais para entregar aplicacións de Windows empregando Citrix Presentation Server. Porén, agora, as compañías "buscan un xiro para os seus clientes do mercado TI", coa seguinte xeración de Citrix Presentation Server e os produtos Citrix XenDesktrop, ámbolos dous baseados en Windows Server 2008, que serán presentados na xornada do día 9 en Compostela.

O futuro tecnolóxico galego: a virtualización
Ramón Ares, director xeral de Ozona Consulting

As tecnoloxías da información convertéronse nunha ferramenta de innovación dentro dos procesos de negocio das empresas galegas. As compañías queren medrar nun mercado competitivo e para isto precisan contar con recursos e solucións tecnolóxicas que axuden a aforrar costes e mellorar a produtividade. É neste intre cando as empresas galegas comezaron xa a apostar por solucións tecnolóxicas innovadoras como ferramentas clave para garantir un futuro ligado á súa mellora de produtividade.

Hoxe en día está de moda a virtualización. Este termo asolaga os principais boletíns electrónicos e os medios de comunicación especializados. E non é para menos. Grazas a ela, pódese tirar o máximo proveito da infraestrutura TIC da empresa: un mesmo hardware pode dar acubillo a diferentes máquinas virtuais, co que se achega unha meirande rendibilidade e unha redución de custes nos departamentos de novas tecnoloxías da información.

Pero, coñecemos o alcance potencial da virtualización? Non de todo. Aínda que a verdadeira respostas está nos beneficios que acadaron moitas empresas miúdas, pequenas e medianas e grandes corporacións que en Galicia xa decidiron implantar este tipo de solucións.

Nunha época de grandes incertezas as compañías buscan mellorar a súa competitividade e, por suposto, a rendibilidade dos seus servizos. As empresas buscan eficacia no traballo e un mínimo fallo na xestión dos seus servizos pode pór en perigo a continuidade da compañía. Gran parte das claves está nos usuarios e é por isto que, unha vez que o CPD maximizou as vantaxes da virtualización, esta puído orientarse a solucionar problemáticas de posto de traballo.

Antes de investir en conceptos como posto virtual, VDI ou calquera outro paradigma ao uso, hai que ter en conta que non tódalas empresas son iguais, nin tampouco as súas necesidades. Por este motivo, antes de tomar unha decisión deben de terse en consideración os obxectivos, os resultados que se aspiran a acadar e os medios dispoñibles.

É imprescindible realizar unha análise das necesidades do cliente inicial onde se avalíe de xeito pormenorizado que diferentes problemáticas existen nos usuarios, que pegada ten a súa resolución no negocio e cales son as tecnoloxías ou ferramentas axeitadas para cumprir cos obxectivos que nos levarán a conseguir o éxito do proxecto, tras a implantación das mesmas.

Durante este proceso, avaliaranse os dispositivos cliente, as comunicacións da compañía, as funcións dos usuarios, as cargas actuais de traballo, os perfiles de usuario, etc. O custe do proxecto de implantación (tempo da implantación + esforzo económico) dependerá de múltiples factores: tamaño do proxecto, variedade de problemáticas, heteroxeneidade de usuarios, barreiras culturais (ligadas ao PC como posto de traballo habitual), etc.

No territorio galego, no que salienta a presenza de pequenas e medianas empresas, o principal problema de integrar estas solucións vén sendo o alto custe das mesmas. Arestora, grazas á virtualización e aos servizos de computación na nube (cloud computing), calquera empresa pode afianzar estes tipo de servizos no seu seo, que garanten unha alta dispoñibilidade e unha recuperación de baixo custe e eficaz ante desastres.

A banca, a sanidade, o sector financeiro e a administración pública son os grandes consumidores de tecnoloxías de virtualización en Galicia. Porén, a madurez da tecnoloxía ligada ao cloud computing fan que estes servizos podan estar a disposición de calquera empresa con independencia do tamaño e o sector da súa actividade.

TREBELLOS

TECNOLÓXICOS

Blusens actualiza o firmware do web:tv

A empresa galega de electrónica de consumo Blusens publicou nos pasados días unha actualización do firmware do seu produto estrela, o web:tv, trebello que achega a Internet ao televisor e tamén permite recibir e gravar da TDT en alta definición e reproducir numerosos formatos multimedia.

Con esta actualización de balde do web:tv incorpóranse melloras na navegación web (que agora permite acceder a páxinas máis aló das versións móbiles das páxinas web), incorpora o soporte de ficheiros FLV e FLAC, e tamén inclúe un instalador de aplicacións que permite que os usuarios poidan elixir as aplicacións que desexan incorporar ou ben desinstalalas en calquera momento. Agora as aplicacións tamén pode correr en segundo plano (de xeito que poden terse abertas mentres se ve a televisión ou outros contidos).

Outras melloras significativas son os novos modos de visualización e zoom da imaxe en pantalla, maior velocidade no cambio de canle e acceso á TDT, soporte de sistemas de ficheiros MACOS+ e ExFAT, mellorou a reprodución de fotografías, a reprodución de contidos HTTP e DLNA e os subtítulos.

A actualización tamén corrixiu moitos dos fallos detectados en anteriores versións. Cómpre lembrar que na anterior actualización tamén incorporaron prestacións moi agardadas como o soporte de contas Premium de Megaupload ou a detección de todo o contido de streams TS e ASF.

Chromebooks, os novos portátiles de Google

Dentro das novidades do Google I/O que tivo lugar os días 11 e 12 de maio temos o anuncio de que o vindeiro 15 de xuño chegarán a EE.UU., Reino Unido, Francia, Alemaña, Países Baixos, Italia e España unha nova xeración de ordenadores que responden ao nome de Chromebooks, inicialmente fabricados por Samsung e Acer, e que serán ordenadores portátiles que destacarán por non precisar de minutos para iniciarse e comezar a utilizar o seu buscador.

Estes ordenadores promovidos por Google estarían orientados á nube, de xeito que os usuarios non terían que preocuparse das súas aplicacións, xogos, fotografías, películas, música e documentos, que estarían dispoñibles alí onde fosen precisos e prescindirían de copias de seguridade realizadas polo usuario, que tampouco debería preocuparse de instalar aplicacións anti-virus (xa que o seus sistemas operativos integran distintas capas de seguridade). Estes equipos tamén terían a opción de adquirirse con 3G (de aí

que sexa Movistar quen traia o modelo e Samsung, aínda que estes equipos tamén poderán mercarse en Pixmanía).

Estes novos portátiles centraríanse no navegador web Chrome, que incluso permite a instalación de aplicacións e xogos, abrazando á web como unha interface de uso universal grazas a estándares abertos como o HTML5.

No tocante ao hardware, o Chromebook de Samsung funciona cun procesador Intel Atom Dual Core, pantalla de 12,1 polgadas, 16 Gb de SSD, 2 portos USB, webcam con micrófono con cancelación de ruído, Wi-Fi, 3G (opcional), lector de tarxetas de memoria, mini-porto VGA, 1,48 quilos de peso e 8 horas de autonomía; mentres que o portátil de Acer terá unha pantalla de 11,6 polgadas, arranque instantáneo (nuns 8 segundos), porto HDMI, unha autonomía de 6 horas e unhas especificacións moi semellante no resto de aspectos moi semellantes ao modelo anterior.

Casio dedica a Doraemon unha das súas cámaras dixitais

Seagate presentou a mediados de maio un disco duro externo de 500 Gb que chegará ao mercado en xullo a 199,99 dólares e que destaca por contar con conectividade Wi-Fi N, batería recargable e coa posibilidade de transmitir os contidos audiovisuais almacenados no seu interior vía web ou a dispositivos con iOS ou Mac OS X.

O Seagate GoFlex Satellite responde así á necesidade de ampliar a capacidade interna de dispositivos como o iPad, de xeito que será posible instalar nos dispositivos móbiles de Apple unha aplicación (chamada GoFlex Media e dispoñible na App Store dende o pasado luns) que accederá sen fíos aos contidos (vídeos, música, imaxes e documentos) almacenados neste disco duro portátil, sen ter que facer esta comunicación a través da Internet (xa que a comunicación Wi-Fi será local).

Durante o verán agardan ter xa dispoñible outra aplicación que permite o acceso aos contidos no GoFlex Satellite en dispositivos co sistema operativo Android, ampliando así o número de dispositivos dende os que poder aproveitar as prestacións desta unidade de almacenamento que tamén podemos conectar a un ordenador a través dun porto USB 3.0 (compatible con USB 2.0).

TREBELLOS TECNOLÓXICOS

O Nokia Oro apostará pola ostentación como reclamo

Aínda que nos últimos tempos Nokia está a pasar desapercibida entre os móbiles de alta gama, a compañía non quere perder aos clientes de alto poder adquisitivo, e así presentan o seu novo Nokia Oro, un smartphone que vai chegar ao mercado no terceiro trimestre do ano ao escandaloso prezo de 800 euros (libre).

Estamos ante un móbil pentabanda baseado en Symbian, cunha pantalla AMOLED de 3,5 polgadas, Wi-Fi e unha cámara de 8 Mpíxeles capaz de gravar vídeo en alta definición a 720p, ou sexa, na mesma liña que outros terminais de Nokia, só que desta volta será o seu acabado o que marque a diferenza. O Nokia

Oro está bañado en ouro de 18 quilates, preparado para que sexa resistente aos roces e unha parte traseira de coiro. Tamén poderá mercarse en cor branca ou negra e inclúe un auricular sen fíos a xogo para realizar chamadas coas mans libres.

Disco duro portátil que funciona como servidor multimedia sen fíos

Seagate presentou a mediados de maio un disco duro externo de 500 Gb que chegará ao mercado en xullo a 199,99 dólares e que destaca por contar con conectividade Wi-Fi N, batería recargable e coa posibilidade de transmitir os contidos audiovisuais almacenados no seu interior vía web ou a dispositivos con iOS ou Mac OS X.

O Seagate GoFlex Satellite responde así á necesidade de ampliar a capacidade interna de dispositivos como o iPad, de xeito que será posible instalar nos dispositivos móbiles de Apple unha aplicación (chamada GoFlex Media e dispoñible na App Store dende o pasado luns) que accederá sen fíos aos contidos (vídeos, música, imaxes e documentos) almacenados neste disco duro portátil, sen ter que facer esta comunicación a través da Internet (xa que a comunicación Wi-Fi será local).

Durante o verán agardan ter xa dispoñible outra aplicación que permite o acceso aos contidos no GoFlex Satellite en dispositivos co sistema operativo Android, ampliando así o número de dispositivos dende os que poder aproveitar as prestacións desta unidade de almacenamento que tamén podemos conectar a un ordenador a través dun porto USB 3.0 (compatible con USB 2.0).

Barnes & Noble renova o seu NOOK

William Lynch, o xerente de Barnes & Noble, anunciou en New York un novo lector de libros electrónicos con pantalla de 6 polgadas de tinta electrónica táctil cunha resolución de 600 x 800 píxeles, batería cunha autonomía de ata 2 meses, conectividade Wi-Fi N e un prezo de 139 dólares, que chegará ás tendas o vindeiro 10 de abril, para tentar roubar un pouco máis de mercado ao Kindle de Amazon.

O novo NOOK pesa 212 gramos, conta cun panel con tecnoloxía Pearl de E Ink (incorporada nos últimos lectores de libros electrónicos), 16 niveis de gris na súa pantalla, 2 Gb de almacenamento (suficiente para milleiro de libros) ampliable mediante tarxetas microSD de ata 32 Gb, conector micro USB para cargar o dispositivo ou comunicalo cun PC, soporte de ficheiros ePUB, PDF, JPEG, GIF, PNG e BMP e unha serie de prestacións nas que sae gañando se o com-

paramos co Kindle, como pode un cambio de páxina máis rápido, un catálogo de títulos dispoñible moi superior, a posibilidade de emprestar libros a usuarios de múltiples plataformas (o lector de B&N está dispoñible para os lectores NOOK, terminais con iOS, Android, e ordenadores persoais con Windows ou Mac OS X), conexión Wi-Fi de balde en librarías de Barnes & Noble e puntos de acceso públicos da operadora AT&T e unha autonomía moi superior.

Curiosamente, sen este atractivo dispositivo á venda Barnes & Noble xa foi quen de facerse con 25% do mercado dos libros electrónicos (mentres que nos libros físicos teñen o 17%), polo que a compañía aínda podería ir a mellor nun sector que parecía monopolizado por Amazon. Amais, co lanzamento deste novo NOOK, o modelo anterior baixa de prezo a 119 dólares con Wi-Fi e 169 dólares con 3G, ata fin de existencias.

A xente de Gizmodo xa puido ter o dispositivo nas súas mans, e as súas impresións foron bastante positivas, especialmente na comodidade do dispositivo na man (algo fundamental para un trebello deseñado para usarse durante horas), aínda que a súa resposta táctil non sexa moi boa e o feito de incorporar tal funcionalidade fai que a pantalla non sexa totalmente mate, polo que ante a luz directa pode amosar algúns reflexos.



AGE OF CONAN

Poderá xogarse de balde

Marcus Fernández

Ante a imposibilidade de competir en igualdade con outros xogos masivos multi-xogador en liña de pagamento como World of Warcraft, Funcom anuncia que o seu xogo Age of Conan: Hyborian Adventures vai relanzarse este verán co nome Age of Conan: Unrated, o que suporá principalmente a transformación do seu modelo de negocio, optando polo freemium, de xeito que poderá gozarse de balde, pero haberá que pagar para acceder a contidos adicionais.

Este xogo tiña vendidas máis de 1,4 millóns de copias dende o seu lanzamento en 2008, pero fidelizar aos usuarios resulta moi complicado, e agardan que ao eliminar as cotas mensuais poidan conseguilo. Para manter a rendibilidade do proxecto abrirán unha tenda de contido adicional na que poder adquirir armamento e monturas.

Age of Conan continuará a ser un universo en liña inspirado nos traballos de Robert E. Howard, con bárbaros, violencia e sexo, polo que estamos ante un título claramente dirixido a adultos, que agarda ampliar o seu público e que está dispoñible en inglés, francés, alemán, español, ruso e polaco.

SHINOBI

Volve o ninja

En 1987 SEGA achegou as máquinas recreativas un xogo de éxito coñecido como Shinobi, que tivo tanto éxito que non tardou nin dous anos en contar cunha secuela (Shadow Dancer), continuada en múltiples plataformas, aínda que principalmente en consolas de SEGA, o que forzou a que a mediados dos 90 detivésese a franquía, que rexurdiu de xeito fulgurante en 2002 e 2003 con xogos para Game Boy Advance e PlayStation 2, e que finalmente este ano vai retornar pola porta grande, pois SEGA anunciou que esta saga de acción de desprazamento horizontal contará cunha nova entrega para a Nintendo 3DS que chegará ás tendas no mes de setembro, e que vai aproveitar as características da nova portátil para incorporar algunhas innovacións.

Shinobi conta a historia de Jiro Musashi, líder do clan Oboro e pai de Joe Musashi (heroe das primeiras entregas da franquía). Os xogadores poderán converterse en auténticos ninja, aprendendo múltiples ataques e incluso empregando a maxia para resolver situacións complicadas, ou sexa, que os seguidores desta saga familiarizaranse de xeito doado co seu control, pois aínda que o xogo teña un estilo visual 3D actualizado, conserva a esencia das anteriores entregas.

Neste título de 3DS controlaremos a Jiro Musashi, quen tras padecer a traizón dun amigo, deberá enfrontarse a un malvado e ancestral clan, pero o seu fillo Joe no estará ausente, senón que será posible manexalo en mapas de desafíos retro desbloqueables a través da innovadora función StreetPass.

O novo xogo desenvolvido por Griptonite Games xa ten un deseño de carátula e un trailer que busca entusiasmar aos que seguiran unha das sagas de SEGA máis apreciadas polo público.



Código QR

Trailer do xogo

CALL OF DUTY: MODERN WARFARE 3

Fixa o seu lanzamento no vindeiro 8 de novembro

Marcus Fernández

Finalmente teremos o xogo Call of Duty: Modern Warfare 3 nas tendas o vindeiro 8 de novembro, e este título desenvolvido por Infinity Ward e Sledgehammer Games tamén vén de estrear un explosivo trailer con imaxes do xogo que está a causar furor entre os seareiros da saga, superando os 2 millóns de reproducións en YouTube nun día. No vídeo pode verse que a acción do novo Call of Duty transcorre en EE.UU., Inglaterra, Alemaña e Francia, en enfrontamentos cada vez máis ambiciosos, e incorporando como importante novidade a posibilidade de que o contorno se destrúa (seguindo a liña trazada por Battlefield 3).

Os emprazamentos de Modern Warfare 3 van dende os túneles do metro londiniense ata as proximidades da torre Eiffel, todo aderezado co toque cinematográfico que tan bo resultado dá nesta franquía que podería chegar á súa máxima expresión con este título, antes de padecer o inevitable fastío dunha saga que repite a súa fórmula sen innovar como están a facer os seus competidores (como o mencionado Battlefield 3), aínda que a inercia de anteriores entregas garante a boa recepción do que promete ser un dos xogos máis vendidos en 2011.

EL EJÉRCITO DE LAS TINIEBLAS

Inspira un xogo para iPhone

En 1992 a triloxía cinematográfica de Sam Raimi que comezara con Posesión Infernal rematou con El Ejército de las Tinieblas, título que está bastante fresco no mercado español por estrear varias edicións en DVD e Blu-ray o pasado mes de novembro, e que agora chega ao iPhone con Army of Darkness Defense, xogo que promete estar á venda só por tempo limitado e a un prezo de 0,79 euros.

O xogo permite tomar o rol de Ash Williams (papel interpretado por Bruce Campbell) nunha aventura a través do tempo para loitar contra o mal, de xeito que o carismático dependente de S-Mart deberá defender o castelo de Lord Arthur e o Necronomicón de hordas de mortos viventes para o que conta coa axuda de varios aliados. Destaca polos seus coidados gráficos caricaturescos, é compatible con Game Center, inclúe máis dun cento de simpáticas frases da película na que se inspira e tampouco faltan a escopeta e a motoserra que caracterizaban a Ash na súa loita contra místicas forzas malignas.

UNA VISIÓN INNOVADORA SOBRE LOS CENTROS DE DATOS

A partir de hoy, convergencia es mucho más que un nuevo concepto

En los últimos años, el presupuesto de TI se ha dedicado en un 70% a mantener la tecnología actual, y tan sólo el 30% de ese presupuesto a innovación. La nueva Infraestructura Convergente de HP permite cambiar este ratio, consiguiendo dedicar el 70% a inversión y sólo el 30% a gastos de operaciones y mantenimiento.

¿Quiere liberar el enorme potencial de sus sistemas de TI? Ahora es el momento. Las nuevas soluciones de Infraestructura Convergente de HP le permiten llevar a cabo una transición de modo rápido y sencillo desde tecnologías silos centradas en productos a infraestructuras altamente flexibles y convergentes capaces de ajustarse inmediatamente a las dinámicas y cambiantes necesidades de negocio, desplegando cualquier aplicación, en cualquier lugar y en cualquier momento. La Infraestructura Convergente de HP le permitirá:

- Transformar las TI en un motor para la innovación empresarial
- Detener la proliferación de silos de TI para trabajar de forma integrada
- Optimizar los recursos de TI para satisfacer la demanda del negocio

Tecnología para mejorar los Resultados de Negocio

Descubra cómo HP ayuda a las empresas a liberar el verdadero potencial de las TI y conseguir los mejores resultados de negocio en **www.hp.com/go/ci**

Copyright © 2009 Hewlett-Packard Development Company, L.P.

Microsoft

Cloud Power

DESCUBRE COMO A NUBE SACA O MELLOR DO TEU NEGOCIO: FLEXIBILIDADE, INNOVACIÓN E REDUCIÓN DE CUSTOS. E TI, ¿QUE VES NA NUBE?

Estas son as vantaxes do poder da nube.

Máis información en **Microsoft.es/cloud**

Windows Server 2008 Hyper-V

Office 365

Windows Azure

Windows Intune

Microsoft Dynamics CRM Online